

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000006



**ACTA DA SESIÓN 6/2022 ORDINARIA
CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL
O DÍA 27 DE XUÑO DE 2022**

**Aprobada polo Pleno Municipal na sesión
ordinaria 7/2022 de data 26/07/2022**

O Secretario

ORDE DO DÍA

- 1.- Acta da sesión anterior (30/05/2022). Aprobación.**
- 2.- Ordenanza reguladora das feiras e mercados tradicionais de Carballo e da venda ambulante. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/06/2022).**
- 3.- Anexo de expropiacións do proxecto construtivo Realización de un by-pass en el río Anllóns en la zona de Muíño do Quinto, Carballo (A Coruña), previsto no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 20/06/2022).**
- 4.- Modificación orzamentaria: Crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 20/06/2022).**
- 5.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000003745 do 10 de xuño, sobre a unidade de desenvolvemento infantil e apoio familiar (UDIAF) de Bergantiños. (CIFECRIC de 20/06/2022).**
- 6.- Seguimento de órganos de goberno:**
 - 6.1.- Resolucións da Alcaldía
 - 6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local
 - 6.3.- Rogos e Preguntas

Comparecencia de don Martín Caamaño Santamaría, en representación da CIG, solicitada con rexistro de entrada n.º 202299900002597 de 22 de xuño, relativa ás condicións dos Servizos de Axuda ao Fogar (SAF)

ACTA Nº 6/2022 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DA CORPORACIÓN MUNICIPAL O DÍA 27 DE XUÑO DE 2022

Na Casa Consistorial o vinte e sete de xuño de dous mil vinte e dous (27/06/2022) sendo as vinte horas e trinta minutos (20:30 h.), reúnen-se os membros do Pleno, no salón de plenos do Concello de Carballo, en primeira convocatoria, para celebrar a sesión ordinaria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde D. EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ, coa asistencia dos Concelleiros seguintes:

Polo Grupo Político Municipal do BNG (ademais do Sr. Alcalde):

- D^a María Belén Lendoiro Esmorís
- D^a Milagros Lantes Seara
- D. Juan Manuel Seoane Collazo
- D. Marcos José Trigo Facal
- D. Xosé Regueira Varela
- D^a María del Carmen Ures García
- D^a Maruxa Suárez Cotelo
- D^a. M^a Mar Eirís Villar
- D. Iván Andrade Tasende
- D. Miguel Ángel Vales Mallo
- D. Luis María Lamas Álvarez

Polo Grupo Político Municipal do PP:

- D. José Antonio Domínguez Pallas
- D. Rubén Lorenzo Gómez
- D^a María Beatriz Neira Varela

Polo Grupo Político Municipal do PSdG-PSOE:

- D^a María Carmen Vila Blanco
- D. Valentín Costa Trillo
- D. César Fernando Varela Novo

Polo Grupo Político Municipal de TEGA:

- D. José Bello Pallas
- D. Andrés Eirís Barca

Ausente con excusa

- D^a Paula Nogueira Costa (PP)

Asiste pola Intervención a Viceinterventora municipal, dona Ana María Prieto Martínez, e pola Secretaría a Secretaria Accidental dona Susana Mariño Lorenzo, que actúa como secretaria e dá fe do acto.

1.- Acta da sesión anterior (30/05/2022). Aprobación.

O Pleno Municipal acorda, por unanimidade dos membros presentes (20), aprobar a acta da sesión celebrada o día 30 de maio de 2022, que foi repartida coa convocatoria.

2.- Ordenanza reguladora das feiras e mercados tradicionais de Carballo e da venda ambulante. Aprobación inicial. (CIFECRIC de 20/06/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/06/2022, punto 2 da orde do día, relativo á proposta do concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados do 15/06/2022, contida no expediente 2022/G013/000003.

O Sr. Eiris Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta que esta ordenanza é simplemente unha adecuación á normativa autonómica e o que desexan é que a feira volva a medrar e ser realmente atractiva para a cidadanía.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, entende que hai que adaptarse ás normas. Engade que as feiras son o motor de toda a contorna e oxalá sirva de impulso para que o desenvolvemento económico vaia a máis.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, expón que é necesaria a ordenanza para adaptala ás novas leis. Subliña que queda moito por facer para que as feiras sexan como antes.

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro de Feiras e Mercados, aclara que se modifica o relativo á prohibición que había de vender determinados produtos na Praza do Concello, pois non podían tal e como está a ordenanza vixente. Aproveita para anunciar que se xubila o actual concesionario da xestión do mercado de abastos, polo que haberá que contratar este servizo.

Sometido o asunto a votación, con 8 abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais de PP (3), do PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), e 12 votos a favor, dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno Municipal acorda:

Primeiro.- Aprobar inicialmente a Ordenanza reguladora das feiras e mercados tradicionais de Carballo e da venda ambulante, cuxo texto se inserta ó final deste acordo.

Segundo.- Someter a ordenanza a exposición pública por un prazo de 30 días, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia. De non se presentaren alegacións durante este prazo, a ordenanza das feiras e mercados tradicionais de Carballo e da venda ambulante entenderase aprobada definitivamente sen necesidade de novo acordo plenario, e entrará en vigor ao día seguinte ao da publicación do anuncio de aprobación definitiva no B.O.P.

ORDENANZA REGULADORA DAS FEIRAS E MERCADOS TRADICIONAIS DE CARBALLO E DA VENDA AMBULANTE

Capítulo I.- Disposicións xerais

Art 1.- Obxecto.

O obxecto desta ordenanza é a regulación do exercicio da venda ambulante no seu ámbito municipal, e nomeadamente nos seus mercados semanais e feiras tradicionais, ocupando o dominio público local, mais tamén en datas puntuais ou en oferta porta a porta.

Regúlase, así mesmo, a venda de produto hortofrutícola por parte dos pequenos produtores que acoden ó mercado tradicional da Praza do Concello

Art 2.- Títulos, competencias e réxime xurídico.

Esta ordenanza dítase en exercicio das competencias que se atribúen ao municipio pola Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases do réxime local, e a Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galiza.

Será de aplicación á regulación da venda ambulante no Concello de Carballo, ademais da ordenanza municipal, toda a lexislación de ámbito superior ao municipal e que teña relación coa materia de venda ambulante ou coa protección dos dereitos das persoas consumidoras, con especial referencia á Lei 13/2010, do 17 de decembro, do comercio interior de Galiza, e á Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galiza.

Art 3.- Concepto de venda ambulante.

A venda ambulante ou non sedentaria é unha modalidade especial de venda, cualificándose coma tal a realizada de xeito habitual, periódico, ocasional ou continuado, por comerciantes fóra dun establecemento comercial permanente e na vía pública ou en soares, espazos libres, en postos ou instalacións desmontables ou transportables, nos lugares ou perímetros debidamente autorizados, ou en vehículos, incluíndo os camións-tenda, ou sen a utilización de postos, mediante o carrexo persoal das mercadorías por parte dos/as vendedores/as, transitando polas vías públicas locais.

Non terá a consideración de venda ambulante a venda de excedentes da produción propia dos/as produtores/as agrícolas e artesáns/ás. Do mesmo xeito, tampouco terá a consideración de venda ambulante a realizada dentro dos locais ou recintos ocupados por un certame feiral.

Art 4.- Modalidades de venda.

A venda ambulante tan só se poderá levar a cabo baixo algunha das seguintes modalidades:

- a) Venda ambulante en mercados periódicos: é aquela autorizada nos mercados sitios nos lugares determinados por este Concello nesta Ordenanza, cunha periodicidade habitual establecida. En concreto, será a realizada na praza do Concello todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, como anexa á actividade principal de venda da propia produción de orixe agraria dos/as produtores/as do termo municipal de Carballo e outros veciños, así como a realizada no contorno da praza da Capela da Milagrosa, os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes.
- b) Venda ambulante en postos instalados na vía pública: será aquela que se autorice para un número de postos, situación e período determinado.
- c) Venda ambulante en mercados ocasionais: é aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de festas, feiras ou acontecementos populares. Terán esta consideración as actividades de venda ambulante realizadas nas festas populares e romarías realizadas no termo municipal.
- d) Venda ambulante mediante camións ou calquera outro tipo de vehículos-tenda, que será autorizada en lugares e períodos determinados.
- e) Venda ambulante mediante o reparto e oferta persoal por vendedores/as que carrexen a súa mercadoría sen vehículo, a pé, percorrendo as vías públicas locais.

Art 5.-Suxeitos.

A venda ambulante poderá ser exercida por toda persoa física ou xurídica legalmente constituída que se dedique profesionalmente á actividade de comercio polo miúdo e reúna os requirimentos establecidos na presente ordenanza e demais normativa que fose de aplicación.

Excepcionalmente, tamén poderá exercerse por entidades sen ánimo de lucro que persigan fins de carácter social de interese xeral.

Art 6.- Produtos permitidos.

Compete ao Concello de Carballo determinar os produtos autorizados para a práctica desta venda. Os produtos deberán cumprir os requirimentos de etiquetaxe, procedencia, calidade e prezo esixido pola normativa xeral estatal e autonómica. Para o suposto de venda de produtos hortofrutícolas e alimenticios en xeral, destinados ao consumo humano, estes deberán cumprir coas esixencias da súa normativa específica.

Dependendo da modalidade de venda ambulante e tipo de mercado poderá autorizarse a venda de artigos de téxtil, artesanía, bisutería, marroquinería, calzado, confección, droguería, artigos de coiro ou pel, de ornato de pequeno volume, froitas, verduras, plantas, produtos de confeitaría, froitos secos, produtos envasados, produtos alimenticios, así como calquera outros produtos nos que a súa venda en réxime de ambulancia estea autorizada pola normativa estatal ou autonómica.

Atendendo ás características concorrentes nos diferentes mercados e modalidades de venda ambulante, ao equipamento comercial da zona onde esta actividade se desenvolve, á demanda ou outra circunstancia que así o xustifique, o Concello poderá limitar os produtos de venda autorizados ou o número de vendedores/as dedicados á mesma especialidade comercial.

As persoas titulares de autorización de venda ambulante non poderán vender produtos diferentes aos expresamente autorizados. Calquera modificación ao respecto requirirá aprobación municipal.

Capítulo II.- Licenza de venda

Art 7.- Competencia.

Corresponde ao Concello de Carballo outorgar a autorización para exercer a venda ambulante dentro do municipio, que se resolverá a través de resolución da Alcaldía.

Outorgada a dita licenza, non se poderá exercer a venda fóra dos días e lugares fixados nesta. Non se outorgará a unha mesma persoa máis dunha licenza de venda por espazo feiral ou modalidade de venda.

Art 8.- Solicitudes.

A solicitude para o exercicio da venda ambulante deberá cursarse preferentemente a través da Sede Electrónica do Concello de Carballo, ou ben a través de modelo oficial que se facilitará nas dependencias municipais para ese efecto.

A solicitude de autorización de venda ambulante, ademais dos datos persoais e dos precisos para a tramitación da autorización, incluírá unha declaración xurada de cumprimento de todas as obrigas legais de aplicación, así como unha autorización ao Concello de Carballo para obter, ben por requirimento á persoa interesada, ou preferentemente a través do intercambio de datos con outras administracións públicas, constancia do cumprimento de todas as condicións legalmente esixibles para o exercicio da venda ambulante.

Art 9.- Contido.

A licenza de venda ambulante, que deberá exhibirse en lugar visible ao público en xeral, conterá os seguintes datos, xunto á fotografía do/a titular:

- A) Persoa titular e persoa substituta.
- B) Número de expediente.
- C) Días e períodos de venda.
- D) Lugar en que se sitúa.
- E) Produtos autorizados á venda.
- F) Período de vixencia da autorización.

A licenza poderá ser substituída pola simple resolución administrativa de autorización de venda ambulante nos casos de postos de venda ambulante e atraccións feirais que se permitan instalar na vía pública en datas puntuais e illadas.

Art 10.- Natureza.

A licenza de venda terá a consideración de autorización demanial, enténdese concedida sen prexuízo de terceiros/as, orixina unha situación de posesión precaria e ten carácter revogábel e discrecional. Poderá revogarse ou anularse cando desaparezan ou se incumpran as circunstancias que motivaron a súa concesión, e no seu caso, se incorra en causa de infracción moi grave.

A licenza ten carácter persoal, e é transmisíbel unha única vez no período de vixencia da autorización, e unicamente a ascendentes ou descendentes directos/as (pai, nai, fillo, filla) ou persoas vinculadas por relación contractual acreditada.

En caso de falecemento, xubilación ou invalidez do/a titular poderá transmitirse a licenza de venda á persoa substituta indicada nesta, herdeiro/a, cónxuxe, parella de feito, parentes até segundo grao e, no seu caso, quen fora designado/a por disposición testamentaria. Se fosen varias persoas as interesadas, de entre as mencionadas, atenderase principalmente á que xustifique colaboración coa persoa titular nos dous últimos anos. En calquera caso, no prazo máximo de seis meses deberase de presentar ante o Concello solicitude de cambio de titular da licenza, que se autorizará sempre que se cumpran os requirimentos establecidos nesta ordenanza. De non existir interesados/as declararase extinguida a licenza de venda e vacante o posto que ocupaba.

Art 11.-Modificacións.

Calquera modificación sobre as condicións da licenza, deberá solicitarse por escrito dirixido á Alcaldía do Concello de Carballo, expresando as razóns que o xustifiquen, debendo acompañarse os documentos necesarios.

Art 12.- Prazo de vixencia.

As licenzas de venda concedidas en aplicación desta ordenanza teñen un prazo de duración dun máximo de cinco anos naturais, finalizando o prazo de vixencia, en todo caso, o 31 de decembro do ano anterior a cumprirse os cinco anos dende a súa concesión.

Exceptúase da previsión anterior a autorización para a venda ambulante en datas ocasionais ou a celebración de feiras e mercados de carácter excepcional.

A vixencia das licenzas queda condicionada ao pagamento das taxas municipais oportunas e ao mantemento de todas as condicións legais esixibles para o exercicio da venda ambulante.

Art 13.- Extinción e perda da licenza.

A licenza de venda extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por transcurso do prazo de vixencia.
- b) Por morte, xubilación ou incapacidade da persoa titular, se no prazo de seis meses non se solicita a súa transmisión por algunha das persoas sinaladas na ordenanza.
- c) Por renuncia escrita e expresa do/a titular.
- d) Por falta de pago da taxa correspondente ou os tributos locais.
- e) Por resolución xudicial.
- f) Pola falta de asistencia de maneira continuada aos Mercados e Feiras Tradicionais, por prazo de dous meses consecutivos, ou catro meses alternos no mesmo exercicio, de tratarse dunha autorización para estes espazos.
- g) Por incumprimento das obrigacións establecidas nesta ordenanza ou demais normativa reguladora da venda ambulante.

h) Pola comisión de infraccións administrativas moi graves cuxa sanción sexa a retirada da licenza de venda segundo esta ordenanza.

i) Pola comisión de infraccións administrativas en materia de saúde e hixiene, e aquelas que supoñan a alteración, adulteración e fraude dos produtos ofertados.

Previamente á adopción de resolución de extinción de licenza, deberá ser ouvida a persoa titular desta, podendo presentar os documentos e xustificacións que considere pertinentes en defensa do seu dereito.

Art 14.- Rexistro.

Concedida a licenza de venda, os/as seus/súas titulares serán incluídos/as no Rexistro de Vendedores Ambulantes do Concello de Carballo. Estes datos xunto coa localización do posto de venda ambulante será información de carácter público dispoñible para calquera persoa con interese lexítimo.

Art 15.- Dereitos das persoas vendedoras.

Os/as titulares dunha licenza de venda outorgada polo Concello de Carballo terán os seguintes dereitos:

- a) Exercer a venda ambulante no lugar e días autorizados na licenza.
- b) Non ser prexudicados/as no exercicio da súa actividade.
- c) Exhibir a súa mercadoría no seu posto.
- d) Usar e ocupar as vías públicas incluso as peonís durante o tempo de carga e descarga necesario para instalar o seu posto de venda.
- e) Aqueloutras que se deriven desta ordenanza e demais disposicións aplicables.

Art 16.- Obrigacións das persoas vendedoras.

Os/as titulares dunha licenza de venda outorgada polo Concello de Carballo deberán cumprir as seguintes obrigacións:

- a) Desenvolver a súa actividade de forma regular no espazo autorizado, e facelo de acordo coa normativa vixente.
- b) Usar o espazo concedido, sen estenderse máis aló do autorizado.
- c) Desprazarse provisionalmente a unha nova localización en caso de festas, certames e demais eventos especiais que afecten ao lugar onde ten autorizado o exercicio da venda ambulante.
- e) Vender exclusivamente os produtos autorizados.
- f) Conservar os postos, así como o espazo que ocupen, en perfecto estado de limpeza, e deixalo libre de restos e refugallo unha vez concluída a xornada.
- g) Aboar as taxas que correspondan.
- h) Observar modais adecuados nas súas relacións entre si e co público.
- i) Aqueloutras que se deriven desta ordenanza e demais disposicións aplicables.

Capítulo III.- Venda ambulante en mercados periódicos

Art 17.- Concepto.

A venda ambulante en mercados periódicos é aquela autorizada nos mercados sitios nos lugares determinados por este Concello cunha periodicidade habitual establecida. En concreto, será a realizada na praza do Concello todos os xoves e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, como anexa á actividade principal de venda da propia produción de orixe agraria

dos/as produtores/as do termo municipal de Carballo e outros veciños, así como a realizada no contorno da praza da Capela da Milagrosa, os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes.

Art 18.- Horario.

Os mercados periódicos desenvolverase entre as 9:00 e as 14:00 horas dos días fixados. Os/as vendedores/as deberán establecerse nos seus postos entre as 7:00 e 9:00 horas, e deberán retirarse entre a 13:00 e as 15:00 horas. En casos de forza maior ou necesidade poderán retirarse os postos antes do horario previsto, ou incluso suspenderse o mercado se razóns de seguridade ou interese público así o aconsellasen.

Art 19.- Regulación do tráfico.

Nos espazos e rúas públicas destinadas á actividade feiral durante a duración do mercado queda totalmente prohibido o estacionamento, a parada e a circulación de todo tipo de vehículos. Exceptúase, nos horarios de montaxe e desmontaxe, a presenza dos vehículos destinados á carga e descarga por parte das persoas que exercen a venda ambulante, así como os casos de forza maior ou necesidade, tales vehículos de emerxencia.

Art 20.- Lugares de venda.

O mercado tradicional da praza do Concello terá lugar todos os xoves, e os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, e desenvolverase preferentemente no espazo da praza do Concello, podendo variarse ou ampliarse en función de decisión fundamentada.

A feira da praza da Milagrosa terá lugar os segundos, cuartos e quintos domingos de cada mes, e desenvolverase nas rúas anexas á praza da Milagrosa, e o seu ámbito de extensión virá determinado pola superficie que ocupen o conxunto de postos de venda ambulante autorizados.

O Concello de Carballo poderá variar ou aumentar os lugares de venda dos mercados e feiras tradicionais por causas de interese público.

Para as feiras, festexos e certames especiais, mesmo de forma excepcional, permitirase a súa celebración en calquera punto do concello.

Art 21.- Postos de venda.

A venda ambulante realizarase en vehículos ou en postos facilmente desmontables. As instalacións que se utilicen deberán reunir as condicións necesarias para que sirvan de soporte dos artigos que se expenden e deben reunir as debidas condicións de seguridade, estado de conservación, salubridade e ornato público, e terán as condicións hixiénicas, estéticas e de decoro suficientes para garantir a seguridade e dignidade dos usuarios e viandantes. Os apoios no chan non poderán conter ancoraxes nin ningún outro elemento que dane o pavimento.

Os postos ou vehículos destinados á venda ambulante situaranse nos emplacements sinalados para tal efecto polo Concello, sen sobrepasar nunca a superficie fixada para o posto. Non poderán situarse en accesos a edificios de uso público ou privado, nin diante dos escaparates comerciais e exposicións, nin en lugares que dificulten tales accesos ou a circulación peonil.

O Concello poderá establecer as características, deseño e materiais dos postos de venda co obxecto de adaptalos ao contorno da zona na que se sitúen ou ao deseño da imaxe corporativa dos mercados e feiras tradicionais de Carballo.

Os postos de venda terán, con carácter xeral, un máximo de 10m de longo, por 3m de ancho e por 3m de altura. Non se poderá ocupar un espazo superior ao autorizado e polo que se aboa a correspondente taxa. As mercadorías tampouco poderán sobresaír dos postos e espazo autorizado. Excepcionalmente poderanse autorizar outras medidas.

Os postos de venda deberán respectar na medida do posible a imaxe corporativa que se estableza.

Art 22.- Distribución dos postos nos espazos feirais.

A localización dos postos ambulantes realizarase de acordo cos produtos ofertados, de tal forma e maneira que se aglutinen de forma ordenada por tipo de mercadoría.

Respectarase a tradicional distribución de mercadorías existente, pola cal os produtos alimentarios destinados ao consumo humano céntranse na praza do Concello, sen prexuízo de que determinados produtos alimentarios, pola tradición do obxecto de venda, poidan ter cabida no espazo feiral da praza da Milagrosa. Se o espazo destinado a este tipo de mercadorías non fose suficiente o Concello de Carballo poderá habilitar novas zonas coas medidas que estime convenientes.

Art 23.- Outorgamento de posto de mercado.

Os postos de venda ambulante en mercados periódicos instalaranse no espazo indicado polo Concello de Carballo na licenza de venda, a cal indicará a zona de mercado e a área que lle corresponde ocupar segundo a distribución alfabetonumérica indicada nos mapas que se elaboren para cada espazo feiral.

Para outorgar un posto de venda terase en conta o tipo de mercadorías destinadas á venda e respectarase aos/as vendedores/as nos seus postos na medida que sexa posible atendendo á antigüidade de pertenza aos mercados e feiras tradicionais de Carballo.

Cada persoa física ou xurídica poderá solicitar, como máximo, unha autorización de venda ambulante para cada espazo feiral, e no caso do mercado que se desenvolve na praza do Concello, poderá solicitar autorización para todos os días, ou ben só para xoves ou só para domingos.

De existir limitación no número de autorizacións, así como para establecer mecanismos para determinar preferencia na adxudicación de concretos postos dentro de cada mercado periódico, o Concello de Carballo articulará procedementos de concorrencia competitiva en cada ocasión que se determine a posibilidade de outorgar novas autorizacións de venda ambulante, ben sexa pola caducidade de licenzas preexistentes, ben sexa pola existencia de baixas, ben sexa pola decisión de ampliar algún dos espazos feirais.

A prioridade na adxudicación de postos e a prelación para a escolla de postos concretos farase conforme ao procedemento particular que se aprobe, e terá en conta, particularmente:

- 1- Existencia de autorizacións previas, nos cinco anos anteriores á solicitude, a nome da mesma persoa solicitante nas feiras e mercados de Carballo e/ou no emprazamento concreto que se solicita.
- 2- Experiencia demostrable no exercicio da profesión.
- 3- Venda de produtos novos, inexistentes ou infrarrepresentados no espazo feiral para o que se solicita autorización.
- 4- Non ter incorrido en sancións firmes en materia de venda ambulante.

O procedemento preverá que a adxudicación se resolva por sorteo en caso de empate entre varias solicitudes.

Art 24.- Venda de produtos hortofrutícolas.

A venda dos excedentes de produción por parte de labregos/as realizarase por eles/as mesmos/as ou familiares directos/as, e deberán manter unhas mínimas condicións de salubridade e hixiene e separación do chan dos seus produtos. Unha vez retirado o seu posto deberán deixar perfectamente limpo de residuos o lugar que ocupou.

Os/as pequenos/as produtores/as realizarán a venda dos seus excedentes de produción no mercado tradicional da praza do Concello, en localización non fixa e que non colisione cos espazos autorizados a vendedores/as ambulantes.

Para poder instalar o seu posto os pequenos/as produtores/as deberán inscribirse nun Rexistro de Vendedores non permanentes que se abrirá no mes de decembro do ano anterior, no que figurarán os seguintes datos: nome e apelidos, dni, domicilio e lugar de procedencia do produto. O espazo adicado a cada un dos postos será de 2 metros cadrados, aqueles que precisen maior superficie deberán reflectilo na solicitude e devengarán a taxa polo número de metros solicitados.

Unicamente poderán instalar o seu posto se figuran en dito rexistro e se teñen liquidada a taxa correspondente polas feiras ás que acudiran no trimestre anterior. A liquidación da taxa efectuarase trimestralmente unha vez recibido informe do encargado da xestión do mercado indicando o número de feiras ás que se acudiu.

As persoas inscritas no devandito rexistro terán dereito a gozar dunha autorización provisional nas condicións que se establecen:

- Terase en conta a asistencia ao mercado de xeito regular, procurando ocupar sempre o mesmo lugar. Se a partir das 9:30 o lugar estivera sen ocupar pola persoa habitual entenderase como libre e poderá ser ocupado por outro vendedor/a de xeito ocasional.
- Aquelas persoas que acoden moi ocasionalmente ocuparán os postos baleiros por rigorosa orde de chegada. Ocuparanse en primeiro lugar aqueles que non son utilizados habitualmente por vendedores que acoden con certa regularidade e a partir das 9:30 poderán ocupar estes si se atopan baleiros. Sempre baixo indicación do encargado do mercado.

Será competencia do Encargado do Mercado levar conta do Rexistro de Vendedores non permanentes, a colocación dos mesmos na Praza do Concello, que ocupen a superficie que consta no Rexistro, e o control do número de feiras ás que asistiron.

Será obriga do encargado do mercado manter actualizado o rexistro de vendedores non permanentes ó longo do ano comunicando ao Concello as solicitudes feitas polos interesados despois do período ordinario do mes de decembro, coa finalidade de ter un rexistro fidedigno de aqueles pequenos produtores que se instalan na Praza do Concello nas distintas épocas do ano, ditos datos incorporaránse ó Rexistro de Vendedores non permanentes unha vez que estes presenten por rexistro o modelo de solicitude que se habilitará na web do Concello e na Sede electrónica.

Capítulo IV.- Venda ambulante fóra dos mercados periódicos

Art 25.- Venda ambulante en postos instalados na vía pública.

O Concello de Carballo habilitará, a petición da parte interesada, a venda ambulante en postos instalados na vía pública e a instalación de atraccións feirais, para un número de postos, situación e período determinado.

A concesión da autorización de venda ambulante ou instalación de atraccións feirais en datas puntuais quedará sempre condicionada á compatibilidade coa normal actividade social, cultural e comercial da vida, á existencia de espazo suficiente, e vincularase especialmente á coincidencia con actividades na vía pública ou razóns de dinamización social ás que poida complementar e reforzar.

As persoas que desexen instalar postos de venda ambulante ou atraccións feirais na vía pública en datas concretas deberán solicitalo cando menos con 72 horas de antelación ao inicio solicitado de ocupación de vía.

Art 26.- Venda ambulante en mercados ocasionais.

O Concello de Carballo poderá promover a celebración de mercados de venda ambulante de forma ocasional, por motivo de interese público, ou aceptar a súa realización a petición de parte interesada, especialmente se esta provén do tecido asociativo local.

Os mercados ocasionais terán que contar, para a súa celebración, coa previa autorización municipal, e a solicitude deberá detallar claramente as datas previstas para a súa organización, o lugar onde prevé desenvolverse, a superficie a ocupar e o número e natureza dos postos que participarán.

Art 27.- Venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda.

A venda ambulante mediante camiións ou vehículos-tenda poder autorizarse s fra do ncleo urbano, co obxectivo de permitir o subministro de produtos de consumo de primeira necesidade ao conxunto do territorio municipal.

A persoa que solicite exercer esta actividade deber detallar na solicitud o produto obxecto de venda as como os lugares e datas nos que prev realizar a sa actividade, coa finalidade de permitir a correcta ordenacin da venda ambulante por parte do Concello de Carballo.

Art 28.- Venda ambulante mediante oferta persoal.

A venda ambulante mediante o reparto e oferta persoal por vendedores/as que carrexen a sa mercadora sen vehculo, a p, percorrendo as vas pblicas locais, ter carcter excepcional, e requirir a xustificacin do carcter peculiar do produto obxecto de venda para a sa autorizacin.

Captulo V.- Das taxas.

Art 29.- Establecemento.

O Concello de Carballo fixar as taxas correspondentes polo exercicio da actividade da venda ambulante. As taxas cobranse pola ocupacin da va pblica para o exercicio da venda ambulante, a razn de metros/euros/da.

O importe da taxa ser o resultado de multiplicar o nmero de metros cadrados de cada posto de venda polo prezo fixado como taxa cada ano polo Concello de Carballo na correspondente ordenanza fiscal.

Con carcter xeral os postos sern das seguintes medidas:

Postos de venda ambulante:

- a) 3x3
- b) 6x3
- c) 10x3

Postos de venda de excedente de produto hortofrutcola: 2x1

Para poder instalar superficies maiores debe facerse constar na solicitud e atenderase en caso de que houbera espazo suficiente para manter as distancias mnimas exisidas e sen perxudicar a outros postos.

En caso de necesidade o Concello pode diminr o tamao do posto si  preciso por razns de forza maior, axustndose a taxa devengada  superficie realmente ocupada.

Art 30 .- Forma de pagamento.

O aboamento da taxa correspondente  licenza para a venda ambulante nalgn dos espazos feiras de carcter regular efectuarase mediante domiciliacin bancaria na que se liquidar con cotas anuais o importe correspondente segundo o espazo utilizado. O importe da dita taxa est previsto na Ordenanza fiscal n 11 do Concello de Carballo, reguladora das taxas pola concesn de postos e pola prestacin de servizos no Mercado Municipal de Abastos.

O aboamento da taxa pola autorizacin para a instalacin de postos de venda ambulante en datas puntuais, as como a organizacin de mercados ocasionais, realizarase mediante ingreso bancario puntual.

No caso dos pequenos produtores vendedores de excedentes liquidarn as taxas trimestralmente segundo o nmero de feiras s que realmente asistiran, mediante ingreso bancario puntual.

Dende o Concello xerarase un documento de pago antes do da 7 do mes seguinte  trimestre a liquidar e o pago realizarase antes do da 15 dese mesmo mes.

Aos efectos de cálculo da taxa considerarase unha ocupación de 2 metros/día por cada feira á que se asistira. De necesitar máis metros deberán solicitalo no momento de inscribirse no Rexistro de vendedores non permanente e calcularase a taxa pola superficie solicitada.

O/a titular da licenza de venda é o suxeito pasivo e estará obrigado a satisfacer a taxa correspondente.

Art 31.- Falta de pagamento.

A falta de pagamento da taxa conlevará a retirada da licenza de venda e a imposibilidade de ocupar o espazo asignado, sen prexuízo da obrigación de satisfacer as taxas impagadas coas súas recargas correspondentes.

A non ocupación do espazo de venda ambulante asignado non exime do abono da taxa.

Aqueles produtores que acuden ocasionalmente e como tal figuren no Rexistro de Vendedores non permanentes aboarán as taxas trimestralmente, de non facelo non se lles autorizará a instalación dos seus postos.

Capítulo VI.- Réxime sancionador, infraccións e sancións

Art 32.- Competencia.

Corresponde ao Concello de Carballo a potestade sancionadora dentro do seu termo municipal, sempre en cumprimento do resto de normativa vixente autonómica e estatal.

Art 33.- Clasificación de infraccións.

O/a titular da licenza de venda será o/a responsable das infraccións que se cometan en relación co seu posto de venda, sen prexuízo das responsabilidades persoais nas que poida incurrir a persoa que sexa autora material.

As infraccións clasifícanse en leves, graves e moi graves.

Art 34.- Infraccións leves.

Son infraccións leves as seguintes:

- a) Os altercados, a non observación ou alteración das normas de convivencia cidadá.
- b) A negligencia respecto ao aseo e limpeza dos postos.
- c) A inobservancia das instrucións dadas pola administración municipal.
- d) Ocupar máis espazo do concedido e colocar mercadoría fóra deste ou nos corredores ou espazos entre postos de venda.
- e) Incumprir os horarios establecidos.
- f) Non exhibir a licenza de venda en lugar visible.
- g) Utilizar aparellos de megafonía sen a debida autorización.
- h) Calquera outra infracción que non este tipificada como grave ou moi grave.

Art 35.- Infraccións graves.

Son infraccións graves as seguintes:

- a) A comisión reiterada de infraccións leves. Entenderase reiteración cando se cometa máis dunha infracción leve no prazo dun ano.
- b) Os altercados con alteración da orde e escándalo público.

- c) O desacato, a resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal ou persoas designadas polo Concello de Carballo para a xestión do espazo.
- d) A negativa ou resistencia a fornecer datos referentes á actividade que desenvolve.
- e) Causar danos por negligencia.
- f) Defraudar en cantidade ou calidade de xénero vendido.
- g) A venda de artigos distintos aos expresamente autorizados.
- h) Instalar postos de venda non autorizados.
- i) Non proceder á limpeza do espazo ocupado polo seu posto de venda e non deixalo libre de residuos en xeral.
- j) A falta de pagamento da taxa ou tributos locais.
- k) Non estar dado/a de alta no Imposto de Actividades Económicas.
- l) A falta de pagamento das cotas da Seguridade Social ou mutua correspondente.
- m) O desenvolvemento da actividade por persoa distinta do/a titular ou persoa substituta.
- n) A realización de actos contra os bos costumes, a orde comercial, a imaxe do mercado ou feira e calquera outro que producir consecuencias graves.

Art 36.- Infraccións moi graves.

Son infraccións moi graves as seguintes:

- a) A comisión reiterada de infraccións graves. Entenderase reiteración cando se cometa máis dunha infracción grave no prazo dun ano.
- b) As ofensas graves de palabra e as agresións físicas.
- c) Os danos causados dolosamente aos postos ou mobiliario público.
- d) A cesión ou arrendamento de posto non autorizado.
- e) A venda de produtos prohibidos, en mal estado ou condicións indebidas.
- f) A ocupación dun posto sen licenza de venda.
- h) A non asistencia a un mercado para o que se dispón de autorización sen causa xustificada nin comunicación escrita durante dous meses consecutivos ou catro meses alternos no mesmo ano natural.

Art 37.- Sancións.

As infraccións leves serán sancionadas con:

1. Apercibimento escrito.
2. Multa de 25 a 100€.
3. Suspensión do exercicio da actividade de venda até un máximo de 7 días.

As infraccións graves serán sancionadas con:

1. Multa de 101 a 200€.

2. Perda das condicións de antigüidade.
3. Suspensión do exercicio da actividade de venda até un máximo de 30 días.

As infraccións moi graves serán sancionadas:

1. Multa de 201 a 300€
2. Suspensión do exercicio da actividade de venda até un máximo dun ano.
3. Inhabilitación para o exercicio da venda ambulante no Concello de Carballo durante un máximo de 2 anos.

En calquera caso, a sanción levará aparelado o resarcimento dos danos e prexuízos causados.

Art 38.- Criterio de gradación das sancións.

A imposición das sancións poderá ser graduada atendendo aos seguintes criterios:

- a) A gravidade e transcendencia social da infracción.
- b) A negligencia ou intencionalidade da persoa autora.
- c) A natureza e contía dos danos causados.
- d) A existencia de reincidencia. Enténdese por reincidencia a comisión de máis dunha infracción da mesma gravidade no prazo dun ano.

Art 39.- Potestade sancionadora.

Corresponde a potestade sancionadora e imposición das sancións á Alcaldía do Concello de Carballo.

Art 40.- Procedemento sancionador.

Para a determinación das infraccións e a imposición de sancións contempladas nesta ordenanza será de aplicación o procedemento administrativo sancionador, e, con carácter xeral, Lei 39/2015, de 01 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, e demais normas concordantes.

Capítulo VII.- A inspección

Art 41.- Competencia para a inspección.

O Concello de Carballo exerce a competencia en materia de inspección, vixiando e garantindo, a través dos seus servizos municipais, o cumprimento polas persoas titulares de autorización para o exercicio da venda ambulante, de canto se dispón nesta ordenanza e, en particular, da orixe e identidade dos produtos comercializados, das condicións hixiénico-sanitarias dos artigos postos á venda, do cumprimento da normativa sobre prezos, etiquetaxe, presentación e publicidade dos produtos, seguridade do recinto e outros aspectos relacionados con policía de mercados e réxime de autorizacións.

Corresponderá ao/á facultativo/a veterinario/a e a aqueles outros organismos competentes a vixilancia sanitaria dos artigos que se expendan nos mercados. Á súa vez as persoas encomendadas da xestión dos espazos feiras por parte do Concello de Carballo e as forzas e corpos de seguridade poderán efectuar as inspeccións e comprobacións que sexan precisas para determinar o estado, calidade e procedencia dos produtos comercializados.

Os/as vendedores/as non poderán oporse á inspección nin ao comiso, por causa xustificada, das mercadorías.

A administración local poderá, tamén, en calquera momento durante a vixencia das autorizacións, requirir ás persoas autorizadas a presentar documentación acreditativa do cumprimento da lexislación, así como comprobar estas circunstancias mediante intercambio de datos con outras administracións, sempre co consentimento previo da persoa afectada.

Art 42.- Da incautación de produtos procedentes da venda ambulante.

Procederase á incautación dos produtos procedentes da venda en mercados e feiras da venda ambulante nos seguintes casos:

- a) Cando os servizos veterinarios determinen a retirada da venda de produtos alimenticios.
- b) Cando a venda ambulante se realice fóra das horas, días ou lugares establecidos, e se faga caso omiso á indicación de cese da actividade, ou sen a oportuna licenza municipal, ou cando se vendan produtos distintos dos autorizados.
- c) Cando non se facilite, a petición de axentes da autoridade, factura ou calquera documento que acredite a orixe ou a procedencia do produto en venda.
- d) Cando se perturbe gravemente o funcionamento da actividade feiral e se faga caso omiso ás indicacións dos/as axentes da autoridade ao respecto.
- e) Cando por razóns extraordinarias se requira para a retirada do posto e se desobedezan as indicacións dos/as axentes da autoridade.

A incautación, cando proceda nalgún dos casos anteditos, realizarase polos servizos municipais, expedíndose a oportuna acta de incautación. Os produtos incautados serán depositados en dependencias municipais.

O destino dos produtos alimenticios incautados será decidido polos servizos veterinarios, quen determinarán a súa destrución, analítica ou calquera outra actuación respecto diso.

Os produtos que non se atopen referidos no parágrafo anterior serán devoltos aos/ás seus/súas vendedores/as, cando sexa solicitado e desaparezan as causas que motivaron a súa incautación, e unha vez aboada a sanción que, no seu caso, se impoña. Cando se dubide da súa procedencia, realizaranse as oportunas dilixencias para o esclarecemento da súa orixe.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

O previsto nesta ordenanza enténdese sen prexuízo do que se estableza na lexislación sectorial ou xeral que sexa de aplicación en cada caso.

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

A entrada en vigor da presente ordenanza conlevará a derogación da redacción anterior da “Ordenanza municipal reguladora das feiras de mercados periódicos e da venda ambulante no termo municipal de Carballo” (texto definitivo publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 09 de febreiro de 2009).

DISPOSICIÓN DERRADEIRA

Esta ordenanza entrará en vigor unha vez sexa publicado integramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 49 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

3.- Anexo de expropiacións do proxecto construtivo Realización de un by-pass en el río Anllóns en la zona de Muíño do Quinto, Carballo (A Coruña), previsto no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área de con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva. (CIFECRIC de 20/06/2022). Dictame da Comisión informativa de facenda, especial de contas, réxime interior e contratación (CIFECRIC) do luns 20 de xuño de 2022.

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/06/2022, punto 3 da orde do día, relativo á proposta da concelleira

delegada de Planificación, Estratexia Urbana e Contratación do 16/06/2022, contida no expediente 2021/U040/000002, cuio parte expositiva se transcribe:

ASUNTO: Anexo de expropiacións para a execución do proxecto da obra hidráulica *Realización de un by-pass en el río Anllóns en la zona de Muíño do Quinto, Carballo (A Coruña)*, Clave OH.415.1211, prevista no Plan específico de xestión de risco de inundación (PEXRI) na área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns. Aprobación definitiva.

EXPTE. 2021/U040/000002

PROMOTOR: Concello de Carballo

REX. ENTRADA: 202299900001694 do 26/04/2022

REDACTOR: Ignacio José Alonso Díaz (Enxeñeiro Técnico Agrícola Col. 2.095), como integrante da entidade *ESTUDIO TÉCNICO GALLEGO, S.A.*

Visto o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista *Realización de un by-pass en el río Anllóns en la zona de Muíño do Quinto, Carballo (A Coruña)*, que foi redactado por "Estudio Técnico Gallego S.A."

Resultando que o anteproxecto da obra indicada foi aprobado tecnicamente pola directora de Augas de Galicia (Clave OH.415.1211) con data 15/03/2021, sendo posteriormente informado favorablemente polo departamento de supervisión da administración hidráulica o proxecto da obra con data 11/11/2021 e obxecto de aprobación asinada pola directora de Augas de Galicia o 13/11/2021.

Sendo que esta obra está incluída no plan de específico de xestión realizado por Augas de Galicia (PEXRI), na área con risco potencial significativo de inundación (ARPSI) do río Anllóns ESO 14-CO 10-01-04, como unha das actuacións prioritarias (medida 3.1) para facer fronte ás inundacións na zona urbana de Carballo e, de xeito específico, mellorar a capacidade hidráulica do río o seu paso polo emprazamento de Muíño do Quinto coa finalidade de abrir unha canle que permita derivar caudal en períodos de enchentes.

Resultando que esta actuación está dentro do convenio de colaboración entre o Concello de Carballo e o ente público Augas de Galicia asinado o 15/01/2021, para poñer a disposición de Augas de Galicia os terreos necesarios para a dita obra.

Considerando que de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e disposición adicional oitava, da Lei 9/2010 de Augas de Galicia, a aprobación do anteproxecto da obra hidráulica (e do proxecto xa aprobado por Augas de Galicia) levará implícita a declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos, aos fins de expropiación forzosa.

Considerando que o Pleno da Corporación na sesión de 27/12/2021 adoptou o acordo de aprobación inicial sobre o anexo de expropiacións, declaración de utilidade pública e necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados, e someter a información pública a obra e o anexo de expropiacións.

Logo da notificación individual realizada aos afectados e da publicación dos anuncios preceptivos (Web municipal, taboleiro de edictos, xornais, BOP e DOG) e vistas as alegacións presentadas polos afectados, déuselle traslado ao equipo redactor que presentou o 26/04/2022 un novo anexo de expropiacións incluíndo o informe sobre as alegacións presentadas.

Visto anexo de expropiacións presentado para a aprobación definitiva e o informe municipal con proposta de resolución, asinado polo arquitecto municipal xefe da área de urbanismo e polo técnico xurídico do servizo urbanismo, con data 16/06/2022.

De conformidade co anexo de expropiacións redactado pola entidade Estudio Técnico Gallego S.A. e co informe dos técnicos municipais.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, anuncia a súa abstención en base a que se presentaron alegacións, aínda que recoñece estar de acordo na necesidade da actuación.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, comenta que hai que botar unha man neste asunto e anuncia o seu voto a favor.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, entende que este tema é unha necesidade, polo que tamén votarán a favor.

Sometido o asunto a votación, con 2 abstencións, as dos concelleiros do grupo municipal de TEGA (2), e 18 votos a favor, dos concelleiros dos grupos municipais do BNG (12), do PSdG-PSOE (3) e do PP (3), o Pleno Municipal acorda:

Primeiro.-

A). Estimar parcialmente as alegacións formuladas polos interesados seguintes e incluír na relación de interesados e dos bens e dereitos afectados as modificacións resultantes da estimación parcial, en base aos razoamentos indicados no apartado X do informe técnico e xurídico dos técnicos municipais de data 16/06/2022 e incluídos no informe de alegacións incorporado no anexo de expropiacións que foi presentado polo equipo redactor achegando a versión para a aprobación definitiva o 26/04/2022 (R.E. 202299900001694):

- Alegacións referidas á finca número 8, presentadas por E.V.M. e P.T.F. (R.E. Nº 202200000000278 e 202200000000279) o 21/01/2022 (Ref. catastro 15019A001000370000IF).

- Alegacións referidas á finca número 6, presentadas por M.C.G.A e J.C.G.A. con data 21/01/2022, R.E. Nº 202200000000280, (Ref. Catastro 15019A001380000IM).

- Alegacións referidas á finca nº 5, presentado por M.J.G.S. con data 23/02/2022, R.E. nº 202299900000671 (Ref. Catastro 15019A001000490000IE).

- Alegacións referidas á finca nº7, presentadas por M.C.E.P. con data 23/02/2022, R.E. nº 202299900000692 (Ref. Catastro 15019A001000390000IO).

B).- Desestimar o resto de alegacións formuladas polos mesmos alegantes en base aos razoamentos indicados no apartado X do informe técnico e xurídico dos técnicos municipais de 16/06/2022 e incluídos no informe de alegacións incorporado no anexo de expropiacións presentado polo equipo redactor achegando a versión para a aprobación definitiva o 26/04/2022 (R.E. 202299900001694).

Segundo.- Ter por aprobada a obra hidráulica proxectada que foi sometida a información pública e promove Augas de Galicia incluída no PLAN ESPECÍFICO PARA A XESTIÓN DE INUNDACIÓN NA ARPSI DO RÍO ANLLÓNS: REALIZACIÓN DE UN BY-PASS EN EL RÍO ANLLÓNS EN LA ZONA DE MUIÑO DO QUINTO, CARBALLO (A CORUÑA), cuxo proxecto (clave OH.415.1211) foi obxecto de aprobación asinada pola directora de Augas de Galicia con data 13/11/2021.

Terceiro.- Aprobar definitivamente o anexo de expropiacións para a obtención dos terreos que se consideran necesarios para a execución da obra hidráulica prevista no PLAN ESPECÍFICO PARA A XESTIÓN DE INUNDACIÓN NA ARPSI DO RÍO ANLLÓNS: REALIZACIÓN DE UN BY-PASS EN EL RÍO ANLLÓNS EN LA ZONA DE MUIÑO DO QUINTO, CARBALLO (A CORUÑA), segundo o documentación

técnica presentada o 26/04/2022, asinada por Ignacio José Alonso Díaz (Enxeñeiro Técnico Agrícola Col. 2.095), como integrante da entidade "Estudio Técnico Gallego S.A.

Cuarto.- Aprobar con carácter definitivo a ratificación da declaración de utilidade pública e a necesidade de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola obra hidráulica indicada, proxectada por Augas de Galicia como unha actuación prioritaria fronte ás inundacións, no plan específico para xestión do risco de inundación da ARPSI Río Anllóns ES014-CO 10-01-04, para minimizar os danos das mesmas e, de xeito específico, mellorar a capacidade hidráulica do río o seu paso polo emprazamento de *Muíño do Quinto* coa finalidade de abrir unha canle que permita derivar caudal en períodos de enchentes, de conformidade co disposto nos artigos 28 e 29, e na disposición adicional oitava, da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de Augas de Galicia.

Quinto.- Aprobar tamén con carácter definitivo a seguinte relación de bens e dereitos afectados que figura no anexo de expropiacións indicado.

RELACION BENS E DEREITOS AFECTADOS									
Nº FINCA	TITULAR	REF. CATASTRAL	D.N.I.	CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA	SITUACIÓN BÁSICA DO SOLO	DESTINO	SUP. TOTAL (m2)	SUP. AFECTADA (m2) PLENO DOMINIO	OUTROS BENS E DEREITOS AFECTADOS
1	LOPEZ SANCHEZ, JOSE (50%) MARTINEZ MUÑOZ, MARIA CARMEN (50%)	15019A001000540000IZ	7634**** 76****12*	SOLO RÚSTICO	RURAL	HORTA	1.402,00	328,00	0,5 m3 FORMIGÓN EN COLUMNA
									41 UD. TUYAS
									1 UD. TRASLADO CANCELA DE MADEIRA E MAIA (3 m)
									3 UD. POSTE FORMIGÓN
2	DESCONOCIDO	15019A001001240001OZ		SOLO RÚSTICO		LABRADIO	230	7,00	3 m MAIA ARAME
3	PONTE VILA, MANUEL (HERDEIROS)	15019A001000520000IE	3214****	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	482,00	42,00	
4	MIRA LORENZO, SOFÍA	15019A001000530000IS		SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	596,00	257,00	
5	JOSE FIDALGO GARCIA (50%) MARIA JOSEFA GARCIA SOUTO (50%) DOLORES SOUTO RODRIGUEZ (10%)	15019A001000490000IE	46****67*	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	4.997,00	1.622,00	
6	MARIA CONSUELO GARCIA ALONSO (50%) JUAN CARLOS GARCIA ALONSO (50%)	15019A001000380000IM	79**68*** 7****327*	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	1.219,00	625,00	
7	EIRIS PONTE, MARIA CARMEN	15019A001000390000IO	76****19*	SOLO RÚSTICO	RURAL	JARDIN	5.057,00	620,00	UD. MÓDULO PREFABRICADO FORMIGÓN (4*1,7*0,1 m)
8	TRABA FARINA, PEDRO EVARISTO VILANOVA MARTÍNEZ	15019A001000370000IF	32*74**** 7630****	SOLO RÚSTICO	RURAL	LABRADIO	1.014,00	137,00	UD. COLUMNA FORMIGÓN (2*0,4*0,4 m)

Sexto.- De conformidade co previsto no artigo 52.2 e 6 da Lei de expropiación forzosa, de 16 decembro de 1954, convócase a todos os interesados afectados para o **día 8 de setembro de 2022**, para levantar as actas previas á ocupación, e para o **día 23 de setembro de 2022**, para o pago dos depósitos previos á ocupación e redactar as actas de ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación, ás 11 horas na sede do Concello de Carballo, nos dous casos.

O que se notificará aos interesados e publicaranse edictos nos taboleiros oficiais e, en resume, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia, nun xornal local e en dous xornais da capital da provincia.

4.- Modificación orzamentaria: Crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2022. Aprobación. (CIFECRIC de 20/06/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/06/2022, punto 4 da orde do día, relativo á proposta do Sr. Alcalde de 16/06/2022, contida no expediente 2022/T002/000013.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, bota de menos algúns proxectos, como a ampliación da Vila de Negreira, entre outros. En concreto, pregunta polo proxecto da ampliación do circuito de motocross e pola reforma do campo de fútbol de Sofán. Para rematar, mostra a súa

conformidade cos proxectos relativos a redes de abastecemento e alude aos dous millóns de euros que se deixan de gastar.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, anuncia a súa abstención. Expón, que como sempre di nestes acordos, congratúlase por todos os proxectos que se van levar a cabo, con independencia de que podería optarse por outros.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, considera que debería terse convocado a xunta de voceiros para aclarar determinadas actuacións previamente á celebración da sesión plenaria, debido á contía económica e o número de proxectos. Por outra banda, coincide co informe de Intervención sobre a falta de xustificación da urxencia de algúns puntos.

Mostra a súa conformidade cos proxectos relativos a saneamento e abastecemento, aínda que seguen sen saberse os criterios para a elección dunhas actuacións e non outras. Considera que o argumento do goberno de que son proxectos derivados de solicitudes dos consellos parroquiais contrasta con actuacións demandadas de hai varios anos e que seguen sen abordarse.

O Sr. Lorenzo Gómez di non entender o proxecto de "Mantemento e conservación firme paseo Anllóns", sinalando que existía o compromiso electoral do BNG de rematar o tramo pendente do paseo do Anllóns, e insiste en que seguirán demandando a súa execución.

Cuestiona a falta de información sobre a apertura da rúa Perú até o polígono, sobre a que se enterou polas redes sociais, e sinala que chega tarde, así como tamén insiste na circunvalación e na necesidade da sinalética de Razo-Baldaio, que xa se podía ter feito.

Para rematar, manifesta que hai obras que por fin van ser unha realidade e agarda que non xurdan contratemos. Adianta a abstención da súa formación política.

O Sr. Alcalde responde que este sempre é un debate aberto, pero que ao tratarse de obras financiadas con cargo ao remanente debían escollerse proxectos que estivesen rematados non máis aló do ano 2023, polo que a vía que comunica o polígono coa avda. Razo non se podía orzamentar moito máis, debido ao criterio de prudencia. Considera que as necesidades van aparecendo, e sempre serán maiores que as posibilidades.

Con respecto aos dous millóns de euros que se deixan de gastar, aclara que son para cumprir o criterio de prudencia que esixe o principio de estabilidade orzamentaria.

En resposta á pregunta do Sr. Eirís Barca sobre o campo de fútbol de Sofán, recalca que se trata dun campo de titularidade municipal, que ten as súas necesidades e no que o club solicita melloras e investimentos.

En relación á non convocatoria da xunta de voceiros, puntualiza que non se efectuou esta convocatoria por tratarse de semana grande de festas, pero que igualmente se podía ter preguntado na comisión informativa, e pide, en todo caso, desculpas se alguén se molestou por esta falta de convocatoria.

A Sra. Vila Blanco, voceira do grupo municipal do PSdG-PSOE, critica que, tratándose de demandas dos consellos parroquias en algúns casos de antes do ano 2019, se inclúan neste suplemento de crédito, cando puideron ter sido orzamentadas no 2020 ou no 2021.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di non sentirse molesto pola falta de convocatoria da xunta de voceiros, pero si tela botado en falta.

O Sr. Alcalde aclara á corporación o tipo de proxectos que poden incluírse nestas modificacións orzamentarias.

Sometido o asunto a votación, con 8 abstencións, dos concelleiros dos grupos municipais de PP (3), do PSdG-PSOE (3) e TEGA (2), e 12 votos a favor, dos concelleiros do grupo municipal do BNG, o Pleno Municipal acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación orzamentaria, crédito extraordinario e suplemento de crédito número 1/2022, co seguinte detalle:

I.- Aplicacións que se incrementan:

Aplicación	Proxecto	Denominación	Importe Suplemento Crédito	Importe Crédito extraordinario
4330-48900		CONVENIO CÁMARA COMERCIO		15.000,00
1340-61900	2022-4-1340-2	ACCESIBILIDADE PEONIL BARRIO FLORES E RUA PERÚ	290.859,80	
1340-61900	2022-4-1340-3	BEIRARRÚAS PARA A MELLORA ACCESIBILIDADE PEONIL NO ENTORNO URBANO	167.892,34	
4330-61900	2022-2-4330-1	POLÍGONO INDUSTRIAL BÉRTOA ACONDICIONAMENTO APARCAMENTO E SINALIZACION		106.717,97
1350-62300	2022-4-1350-1	FERRAMENTA DE RESCATE PROTECCION CIVIL		23.000,00
1510-60000	2022-2-1510-2	ACTUACIÓNS DESENVOLVEMENTO PXOM (RÚA CASTRO CHANÉ E RÚA NEPTUNO- ARNADOS)	45.000,00	
1510-60000	2021-4-1510-1	ACTUACIÓNS DESENVOLVEMENTO CONVENIO CON AUGAS GALICIA (SAN MARTIÑO E MUIÑO DO QUINTO E A CEPEIRA)	99.433,24	
1510-60000	2022-2-1510-3	ACTUACIÓNS DESENVOLVEMENTO PXOM SISTEMA XERAL VII	215.000,00	
1510-61900	2022-4-1510-3	PRAZA SAN MIGUEL VILELA "O POMBAL"		250.000,00
1510-61900	2022-4-1510-4	ACONDICIONAMENTO PRAZA EN OUTEIRO-SÍSAMO	45.000,00	
1510.61900	2022-4-1510-5	ADAPTACION Á ALIÑACION DO EDIFICIO DE TROLES POLO LADO OESTE	32.084,25	
1533-61900	2022-4-1533-2	OUTRAS INVERSIÓNS EN VÍAS PÚBLICAS	40.000,00	
1534-61904	2022-4-1534-2	OUTRAS INVERSIÓNS EN VÍAS PÚBLICAS- RURAL	30.000,00	
1533-61900	2022-4-1533-5	REURBANIZACIÓN RUAS LABARTA POSE, MURGUIA, OTERO PEDRAIO	355.955,40	
1533-61900	2020-4-1533-5	REURBANIZACIÓN RÚAS OURENSE E BAÑOS VELLOSO	81.091,50	
1534-61900	2022-4-1534-3	PAVIMENTACION ENTORNO IGREXA CANCES DA VILA	126.156,00	
1534-61900	2022-4-1534-4	BEIRARRUAS EN ARDAÑA	175.000,00	
1534-61900	2022-4-1534-5	ACCESO LOCAL SOCIAL LEMA	30.000,00	
1600-60900	2020-4-1600-3	REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO EN CAMBRE DE LEMA E CAMBRELLE	103.130,50	

1600-60900	2020-4-1600-2	REDE DE SANEAMENTO E ABASTECIMENTO NA PARROQUIA DE BÉRTOA	39.000,00	
1610-60900	2019-4-1610-2	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE DESDE STA M ^a ARDAÑA ATE CANOSA (LIQUIDACIÓN)	16.161,22	
1610-61900	2022-2-1610-1	REDE DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE Á BAIXA DE SOFÁN POS+ COMPLEMENTARIO	88.890,86	
1601-61900	2022-2-1601-2	SANEAMENTO IGRESARIO LEMA A ARNADOS		184.446,94
1601-61900	2022-2-1601-3	MELLORAS SANEAMENTO NO URBANO		173.622,10
1621-62500	2022-4-1621-2	PAPELEIRAS DE RECICLAXE NOS EDIFICIOS PUBLICOS	6.000,00	
1640-63200	2020-4-1640-1	AMPLIACION CEMENTERIO MUNICIPAL FASE I	302.682,94	
1650-61900	2022-4-1650-1	PUNTOS DE LUZ A TANTO ALZADO	227.467,40	
1710-61900	2022-4-1710-1	PARQUE INFANTIL DE ARTES	12.898,48	
1710-61900	2022-4-1710-2	PARQUE INFANTIL DE BERTOIA	150.000,00	
1710-61900	2022-4-1710-3	REFORMA INTEGRAL PARQUE INFANTIL RAZO	146.125,14	
1710-61900	2022-4-1710-4	MANTEMENTO E CONSERVACIÓN FIRME PASEO ANLLÓNS	137.026,90	
1710-22799		MANTEMENTO E CONSERVACIÓN ZONAS VERDES	42.971,14	
1722-61900	2022-4-1722-3	PROXECTO ACCESIBILIDADE ÁS PRAIAS	10.000,00	
1722-62900	2022-4-1722-4	SINALIZACIÓN ACCESOS A RAZO E BALDAIO		24.500,00
1722-62500	2022-4-1722-5	BASES E SOPORTES COLECTORES DE LIXO		40.000,00
1722-61900	2022-4-1722-6	MELLORAS ZONAS VERDES	86.000,00	
1720-61900	2022-4-1720-1	RUTA DAS FERVEDAS		20.000,00
2410-61900	2022-4-2410-2	MANTEMENTO EDIFICIO FORUM CARBALLO		50.000,00
3340-62200	2021-4-3340-3	2ª FASE CENTRO SOCIAL XOANE	96.922,45	
3420-60000	2022-4-3420-2	AMPLIACION CIRCUITO MOTOCROSS		50.000,00
3420-63200	2022-4-3420-3	REFORMA CAMPO FUTBOL SOFAN		298.000,00
3420-62300	2022-4-3420-4	EQUIPAMENTO INSTALACIÓNS DEPORTIVAS	187.200,00	
4312-22100		SUMINISTRO ENERXÍA ELÉCTRICA MERCADO ABASTOS	8.000,00	
4312-22799		SERVIZO XERENCIA MERCADO ABASTOS	60.000,00	
9200-63200	2020-4-9200-5	REFORMA PARCIAL ALMACÉNS MUNICIPAIS	15.676,31	
9310-35200		INTERESES MORA	25.000,00	
		TOTAL	3.494.625,87	1.235.287,01

II.- Financiación

Esta modificación orzamentaria que ascende a 4.729.912,88 euros, financiarase polas seguintes vías:

- Primeiro, as actuacións urbanísticas dos proxectos 2022-2-1510-2 e 2022-2-1510-3, cos ingresos obtidos pola venda de Patrimonio Municipal do Suelo, exptes de referencia PRI 64/2021: Contrato privado para la enajenación onerosa de bien patrimonial situado en la calle Jazmín 25-27 de Carballo, por concurso, do que resultaron 2,495,86 euros sen IVE, e do Contrato privado para o alleamento da participación indivisa da parcela M1 de cesión de aproveitamento urbanístico no ámbito SUD-D/S-T3 - A Revolta. (PRI 10/2022), por importe de 232.055,42 euros sen IVE.

Este importe total de 234.551,28 euros, non estaba previsto no estado de ingresos do orzamento municipal de 2022, polo que permite financiar estas novas actuacións urbanísticas e dando así

cumprimento ao previsto no artigo 134 da Lei do Suelo de Galicia sobre o destino do patrimonio municipal do suelo.

- Segundo, co denominado “canon da auga”, ingreso que resultou da licitación da xestión do servizo público baixo a modalidade de concesión que tivo por obxecto o ciclo integral da auga do concello de Carballo e como contrapartida polo uso das instalacións durante o período concesional, por importe total de 3.045.030,00 euros. O destino do citado canon foi a renovación, mellora e ampliación das infraestruturas relacionadas ca xestión do ciclo integral da auga. Nos anexos de inversións dos orzamentos municipais para 2017 e 2018, contempláronse as actuacións a financiar co mesmo.

Logo deste tempo, as actuacións previstas están finalizadas quedando un importe do canon de 266.580,99 euros, que poderá destinarse a financiar novas infraestruturas, previa anulación das últimas incorporacións de remanentes feitas nos proxectos iniciais e que xa están finalizados.

Os proxectos a financiar serán os 2022-2-1601-2 e 2022-2-1601-3, ambas infraestruturas relacionadas co ciclo integral da auga.

- Terceiro, co remanente de tesourería para gastos xerais, por importe de 4.228.780,61 euros.

O importe do remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da liquidación do orzamento de 2021, aprobada o pasado 5 de abril de 2022, foi de 11.192.435,03 euros do que queda un importe pendente de utilizar de 6.937.971,12 euros, tras as modificacións xa aprobadas en 2022.

Segundo: Anular parcialmente a incorporación de remanentes do exercicio 2021 nº 1/2022, aprobada por decreto da Alcaldía nº 1069/2022, do 6 de abril de 2022, por importe de 266.580,99 euros na aplicación 1610/61900 e dentro dos proxectos 2017/2/1610/1 - 2017/2/1610/3 - 2017/2/1610/5 - 2017/2/1610/6 - 2017/2/1610/7 - 2017/2/1610/8 - 2017/2/1610/4 - 2017/2/1610/2, financiada con remanente de tesourería para gastos con financiamento afectado.

Terceiro: Aprobar a modificación da Base vixésima novena “Réxime das subvencións” das bases de execución do orzamento municipal para 2022, incorporando á nova subvención nominativa a favor da Cámara de Comercio da Coruña, para a financiación do Viveiro de Empresas.

Cuarto: Que se expoña ao público por prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao de inserción do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, co fin de que os interesados poidan realizar as reclamacións que consideren oportunas.

Quinto: No caso de que non se presentasen reclamacións considerárase definitivamente aprobado o expediente para a súa entrada en vigor.

5.- Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000003745 do 10 de xuño, sobre a unidade de desenvolvemento infantil e apoio familiar (UDIAF) de Bergantiños. (CIFECRIC de 20/06/2022).

Dáse conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Facenda, Especial de Contas, Réxime Interior e Contratación do 20/06/2022, punto 5 da orde do día, relativo moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, rexistro de entrada n.º 202290000003745 do 10 de xuño, sobre a unidade de desenvolvemento infantil e apoio familiar (UDIAF) de Bergantiños, cuxa parte expositiva se transcribe:

Recentemente a Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños presentou os seus datos anuais. Segundo estes foron atendidos un total de 113 menores de toda a comarca con idades que van dos 0 aos 6 anos (un 3,6% da poboación dese rango de idade).

Tamén se sinala que moitos aínda non puideron recibir atención pola lista de espera existente (202,7 días) e destácase a necesidade de ampliar o servizo, demanda que levan realizando dende a propia Unidade nos últimos anos. Fai pouco tempo dende o goberno galego díxose que foron atendidas todas as peticións de reforzo en toda Galicia, pero en Carballo non foi así. A maiores establécese que a idade media de acceso a dito servizo experimentou un leve aumento motivado polo retardo nos procesos de detección nos servizos de primeira atención, así no ano 2021 a idade media situouse nos 3 anos, fronte aos 2,9 na que se situaba no 2020.

Á marxe destes datos, xa de seu malos, a realidade é aínda moito peor e así nolo manifestaron un gran número de pais de nenos usuarios do Centro. Citando as palabras dalgúns deles “nalgúns casos, nalgúns momentos, a atención é máis simbólica ou tendente a engordar as cifras que real e efectiva”.

Por unha banda, durante a peor parte da pandemia non houbo terapias presenciais debido ás restricións que o propio goberno galego marcou (que en cambio si continuaron nos centros privados), e cando a situación foise normalizando restablecéronse ao 50%, deixando a outra metade a un apoio telemático que non existiu. Isto significou, que durante moitos meses os nenos non tiveron ningún tipo de apoio, precisamente nun dos momentos de maior necesidade.

E ademais, o restablecemento ao 50% tampouco significou exactamente o que indica a cifra, xa que no mellor dos casos iso daba unha asistencia de 1 sesión cada 15 días que de coincidir con calquera incidencia do profesional ou do propio neno, ou do calendario (día libre do profesional, curso de formación, reunión de equipo, un festivo, indisposición do propio neno, etc.) o menor quedaba sen terapia en todo o mes, e isto mesmo ocorreu de forma reiterada nalgúns casos.

Ademais, a falta de rigor por parte da Consellería no establecemento de especialidades deriva en que uns centros contén cunhas e outros non, algunhas competencias do SERGAS, pero que xeran incertidume nas propias familias sentíndose en desigualdade. Incomprendiblemente, son especialidades que en cambio si están nos centros próximos ao de Carballo con moitos menos usuarios que a Unidade de Bergantiños. Tampouco se comprende que, por citar aos centros máis próximos e con moitos menos usuarios reais e potenciais por índices de poboación, a Unidade de Bergantiños conte con 3 profesionais para 116 nenos (lista de espera dun ano) mentres que Soneira conta con 4 profesionais para 85 (lista de espera dun mes) e A Laracha con 4 profesionais atende 35 (sen lista de espera).

Polo que un dos problemas centrais en Bergantiños é que o persoal non só é escaso, senón que ademais nalgún dos casos goza de pouca estabilidade, a consecuencia do modelo de financiamento anual que ofrece o goberno galego. Por nomear unha área, diremos que psicomotricidade, tivo uns constantes cambios de terapeuta –nos últimos 4 anos houbo concretamente 4 profesionais diferentes–, con todo o que leva aparelado.

Dende o Partido Socialista fixemos propostas ao goberno galego para mellorar o servizo de atención temperá en Galicia centrando o fundamental en optimizar os recursos en función da poboación diana e por outra banda dotar de estabilidade ao financiamento do mesmo para que sexa de carácter plurianual. e agora, por todo o que aquí se expuxo e para evitar a penalización que sofren os nenos por residir na Comarca de Bergantiños o Grupo Municipal Socialista tamén presenta para a súa aprobación polo Pleno Municipal, a adopción do seguinte acordo:

1. Que se de traslado á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a urxencia da necesidade de dotar con urxencia de máis medios á Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños. Mediante recursos humanos e materiais ao servizo para garantir que a prestación do mesmo cumpra cos obxectivos e poder desta maneira intervir coa presteza e eficacia que os profesionais aportan cando non existen listas de espera coma as actuais.
2. Establecer criterios obxectivos en base á poboación diana para o establecemento e dotación da rede galega de atención temperá.
3. Blindar a calidade do servizo e dos seus profesionais a través dunha financiación de carácter plurianual.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, defende o contido da moción.

O Sr. Alcalde informa que hai unha emenda presentada polo grupo municipal do Partido Popular. A continuación, alude a que é a Xunta a única responsable do financiamento e mantemento dese centro, que funciona grazas a un convenio coa Asociación Galega de Atención Temperá (AGAT). Informa que o Concello só se responsabiliza de ceder o local e determinados gastos de funcionamento (como, por exemplo, a factura eléctrica). Sobre a idea de que Carballo solicite un centro propio, considera que a atomización do servizo faría imposible ofertar unha atención temperá en boas condicións, e que racionalizar o gasto non pasa por poñer especialistas en cada concello, pois sería un erro de planificación.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, manifesta o voto favorable do seu grupo, pois considera que sen medios persoais e materiais non se pode prestar un bo servizo.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, agradece que se traia esta iniciativa ao pleno pois a atención temperá ten moita marxe de mellora e entende a preocupación das familias, por afectar a un rango de idade (0-6 anos) moi sensible. Mostra a súa disconformidade con que os nenos e nenas sufran penalizacións en Bergantiños.

Salienta que dende a Consellería de Política Social se está a traballar nesta materia, que se está nunha transición de cambio de modelo. Indica que se aumentou o orzamento na partida de atención temperá, e alude a unha orde de axudas ás que o Concello podería acollerse para obter máis financiamento para este servizo.

Insta a reunirse a todos os alcaldes da área de influencia desta UDIAF, pero considera que, dado que máis de sesenta nenos son de Carballo, o noso Concello debe pedir a súa propia unidade e reforzar persoal e poder dar mellor atención. Subliña o labor dos tres profesionais existentes, e recoñece que están sobrepasados. Considera tamén que o local é mellorable e que se pode quedar pequeno para o servizo.

Por outro lado, manifesta a súa disconformidade coa parte resolutiva da moción proposta, pois subliña que a súa emenda é un texto transacionado entre PP, BNG e PSOE no Parlamento. Di que de non aceptarse a súa emenda, non se van opoñer á moción, pero que se van abster.

O Sr. Alcalde remarca que sería un erro, e así o ven os profesionais afectados, atomizar os servizos, e que é a Consellería quen debe aumentar o cadro de persoal, xa que é unha competencia exclusiva súa.

A Sra. Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade, replica que as subvencións ás que alude o voceiro do PP só poden concorrer os concellos con centro de xestión municipal, que non é o caso de Carballo. Subliña que os profesionais están desbordados e que o que procede é que a Xunta dote máis medios económicos. Pon sobre a mesa o incumprimento do protocolo.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, di que a poboación de Carballo está discriminada, e que hai concellos que teñen especialidades que non veñen no protocolo e coas que Carballo non conta. Critica que o investimento por neno/a na unidade de Bergantiños é de 50 euros, mentres que noutras zonas é de 600.

En canto á emenda, considera que non achega nada, incluso que está incorrecta na referencia ao rango de idades.

Subliña que o servizo non pode estar no aire, pendente de convenios anuais, e coincide co grupo de goberno en que o modelo non pode ser atomizar o servizo. Reitera datos preocupantes como as longas listaxes de agarda, o mantemento de protocolos de desinfección fronte á COVID que se demostraron inútiles, ou o descenso do número de sesións por neno/a...

Conclúe sinalando que o PSdeG-PSOE non pode aceptar a emenda proposta tal e como está redactada.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, sinala que o PP non aposta porque Carballo solicite unha unidade, e aclara que non intervén no pleno como Deputado no Parlamento senón como membro da corporación. Por outra banda, coincide na necesidade que existe de mellorar o servizo e recoñece que a unidade está saturada. En resposta á Sra. Ures García, di que o problema non é de recursos económicos, senón que a clave está en apostar por un modelo. Engade que xa existe o compromiso da Xunta de aumentar esa partida, e remata a intervención dicíndolle que pode facer máis que facer unha fotografía coas integrantes da UDIAF.

Anuncia a abstención do PP.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do grupo municipal do BNG, pide ao Sr. Lorenzo Gómez que deixe de lado o seu papel como parlamentario e, como concelleiro, que se sume á unanimidade.

Di que é moi triste que a AGAT teña que andar mendigando un local, que neste caso cedeu o Concello, e que o modelo actual é un modelo fallido, e que parece que a culpa do mal funcionamento da UDIAF é do alcalde. Sinala que o voceiro do PP se contradí en toda a súa intervención, e xa que di que hai un compromiso da consellería, que debería sumarse á moción, que non é un problema de espazo senón de protocolo.

O Sr. Costa Trillo, concelleiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, pregunta ao voceiro do PP cal é a parte da moción que lle molesta para non votala a favor, dado que na súa redacción buscaron un texto que puidese ser apoiado por toda a corporación.

O Sr. Lorenzo Gómez, voceiro do grupo municipal do PP, di que non se trata de buscar culpables, e quéixase de ter que debater simultaneamente con tres persoas do BNG.

O Sr. Alcalde sinala que interveu como alcalde porque se fixeron alusións ao seu papel como alcalde, e que o fai como alcalde de todos os carballeses. E volve aclarar o tema das competencias.

O Sr. Eirís Barca, voceiro do grupo municipal de TEGA, replica que o seu grupo foi avisado por este motivo, insistindo que debía intervenir só unha persoa por grupo, e pide que se trate a todos os grupos por igual.

O Grupo municipal do PP, presenta unha emenda á moción do grupo municipal do PsdeG-PSOE:

Exp. 2022/G010/000006

O Concello de Carballo insta á Xunta de Galicia a reforzar e ampliar a unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar de Bergantiños, dotándoa dos recursos necesarios, co obxectivo de que todas as nenas e nenos até 6 anos con trastornos no seu desenvolvemento poidan recibir as intervencións que precisen. Para tal fin, este fortalecemento da UDIAF de Bergantiños, da rede galega de atención temperá, deberá estar debidamente orzamentado e calendarizado. (Buscar encaixe na redacción á emenda, aquí non acaba de ter sentido)

O grupo proponente rexeita a emenda do grupo municipal do PP

Sometido o asunto a votación, con 3 abstencións, as dos concelleiros do grupo municipal do PP, e 17 votos a favor, dos concelleiros dos grupos municipais do BNG (12), do PSDG-PSOE (3) e de TEGA (2), o Pleno Municipal acorda:

Primeiro.- Trasladar á Consellería de Política Social da Xunta de Galicia a urxencia da necesidade de dotar con urxencia de máis medios á Unidade de Desenvolvemento Infantil e Apoio Familiar (UDIAF) de Bergantiños. Mediante recursos humanos e materiais ao servizo para garantir que a prestación do mesmo cumpra cos obxectivos e poder desta maneira intervir coa presteza e eficacia que os profesionais aportan cando non existen listas de espera coma as actuais.

Segundo.- Establecer criterios obxectivos en base á poboación diana para o establecemento e dotación da rede galega de atención temperá.

Terceiro.- Blindar a calidade do servizo e dos seus profesionais a través dunha financiación de carácter plurianual.

6.- Seguimento de órganos de goberno:

6.1.- Resolucións da Alcaldía

6.1.1.- Dáse conta expresamente das seguintes resolucións da Alcaldía:

*** Decreto 1721/2022 de 6 de xuño**

RESOLUCIÓN

Inventario municipal de bens do Concello de Carballo. Resolución dun expediente relativo a un camiño e a unha parcela sitos en Noicela, parroquia de Noicela (Núm. orde 4682 e 3100 respectivamente) (16/2021-PAT.).

Antecedentes.

Primeiro.- Mediante a providencia de inicio do 16 de marzo do 2022 incoouse o expediente administrativo relativo ó estudo dun camiño sito en Noicela, parroquia de Noicela, o cal figura inscrito no inventario municipal de bens co número de orde 4682 (VIAL 21146).

Segundo.- Con carácter previo, o 28.05.2021 con rexistro de entrada núm. 202100000002887 recibíuse unha comunicación da Xerencia Rexional do Catastro en Galicia - Delegación de Economía e Facenda da Coruña, relativa á tramitación dun expediente de subsanación de discrepancias referente ás parcelas con referencia catastral 0029901NH3902N, 0029902NH3902N e 15019A20200149.

A dita subsanación afectou a un camiño inscrito no Inventario Municipal, cuxo trazado figuraba grafado entre as parcelas catastrais actuais 0029801NH3902N0000KF e 0029902NH3902N0001OG.

Actualmente o dito camiño non figura grafado na cartografía catastral actual logo do acordo de alteración catastral comunicado ó Concello de Carballo o 28.10.2021 (RE núm. 202100000006175).

Esta subsanación catastral tamén afectou a unha parcela que figura inscrita no inventario municipal co número de orde 3100 coa denominación *polígono 202 parcela 150*.

Exp. 2022/G010/000006

A dita subsanación de discrepancias implica que a superficie que figuraba grafada na cartografía e no inventario municipal como vial público, pasa a formar parte das parcelas con referencias 0029801NH3902N0000KF e 0029902NH3902N0001OG. Do mesmo xeito, a superficie que figuraba grafada no inventario como a parcela 150 do polígono 202 pasa a formar parte das parcelas coas referencias catastrais actuais 0029901NH3902N e 15019A20200142

Polo tanto é necesario realizar un estudo e revisión de ambos bens coa finalidade de, de selo caso, actualizar o inventario municipal axustándoo á realidade existente.

A parcela obxecto de subsanación catastral e o camiño afectado atópanse ubicados no lugar e parroquia de Noicela.

Terceiro.- O Pleno da Corporación na sesión ordinaria que tivo lugar o 25.04.2022 acordou a última rectificación anual do Inventario Municipal de Bens e Dereitos da Corporación referida a 31.12.2021.

Na dita rectificación, figura inscrito o camiño obxecto de estudo neste expediente, no inventario municipal no epígrafe 1, co número de orde 4682 e coa denominación VIAL 21146 e a parcela 150 do polígono 202 (parte Este da actual 0029901NH3902N0000XF e Oeste da 202/142) co número de orde 3100.

Atendendo á cartografía base do inventario municipal, o camiño que responde á denominación VIAL 21146 discorre polo linde Sur das actuais parcelas 0029902NH3902N0001OG e 15019A202001490000EX e polo linde Noreste da parcela 0029801NH3902N.

PLANO 1.- TRAZADO DO VIAL 21146 E DA PARCELA 150 DO POLÍGONO 202 NO INVENTARIO.



Cuarto.- O 21.03.2021 requiríuse ós titulares catastrais das parcelas que se pretendían subsanar e que motivaron o modificación do camiño na cartografía catastral.

Exp. 2022/G010/000006

O 31.03.2022 con rexistro de entrada número 20220000001549, recibíuse no Rexistro Xeral desta entidade, da titular das parcelas 0029902NH, 0029901NH e 202/149, a seguinte documentación:

- Copia da escritura de aceptación e adjudicación parcial de herdanza outorgada diante do notario de Carballo D. Carlos Andrés Mosquera Delgado o 17.08.2018 con número 1461 de protocolo.
- Xustificante de inscrición das parcelas da súa titularidade no Rexistro da Propiedade de Carballo.
- Declaración do imposto de plusvalías.
- Levantamento topográfico realizado polo enxeñeiro técnico agrícola D. J. Antonio Seoane Ferreiro en abril do 2018.

A titular relacionou no seu escrito as documentais coas catastrais tal e como figura no levantamento topográfico que achega á solicitude.

O 01.04.2022 con rexistro de entrada número 20220000001572, recibíuse no Rexistro Xeral desta entidade, da titular da parcela 0029801NH3902N, a seguinte documentación:

- Copia da escritura de adjudicación de herdanza outorgada diante do notario D. Javier Manuel Elbo Ferrant o 29.07.2020 con número 944 de protocolo.

A titular identifica esta catastral coa documental descrita no número 7 denominada *Casa*.

Fundamentos

Primeiro.- Obxecto

No Inventario Municipal figura inscrito un camiño no epígrafe 1, co número de orde 4682 e coa denominación VIAL 21146. Este camiño discorre polo linde Sur das parcelas catastrais actuais 0029902NH3902N0001OG e 15019A202001490000EX e polo linde Noreste da parcela 0029801NH3902N.

Támén figura inscrita unha parcela no epígrafe 1 co número de orde 3100 e coa denominación POLÍGONO 202 PARCELA 150 cuxa superficie forma parte das actuais 0029901NH3902N0000XF e 15019A202001420000ET.

A subsanación catastral á que se fai referencia no antecedente segundo afecta ó vial e á parcela inscritos no Inventario Municipal de Bens e descritos nos dous parágrafos anteriores, polo tanto o obxecto deste expediente é o estudo do camiño inscrito no inventario co número de orde 4682 e da parcela inscrita co número de orde 3100.

Segundo.- Documentación.

1.1.- A titular catastral da parcela 0029801NH3902N, achegou unha escritura de aceptación e adjudicación de herdanza do ano 2020. Neste documento menciona "*camino de servidumbre*" na descrición dos lindes co camiño obxecto de estudo (ventos Norte e Este).

Atendendo a esta descrición podería considerarse que o camiño obxecto de estudo responde a un carácter privado.

1.2.- A titular catastral actual das parcelas 0029902NH3902N0001OG, 15019A202001490000EX e 0029901NH3902N0001MG achegou unha copia da escritura de aceptación e adjudicación parcial de herdanza do ano 2018 e un levantamento topográfico do mesmo ano.

No levantamento topográfico figuran as parcelas lindantes entre sí, sen que figure grafado ningún camiño que as separe.

Na documentación que achega describe o linde Sur como "*...Lourdes Mato Rey, por donde se sirve, sendero en medio...*" e o linde Oeste "*...y en parte Lourdes Mato Rey, sendero en medio de esta última...*".

Esta descrición, é propia dun camiño de natureza privada.

Con respecto á parcela que figura inscrita no inventario coa denominación *POLIGONO 202 PARCELA 150*, a interesada identifica esta coa documental descrita co número 8 como *huerta con árboles frutales*. Atendendo á descrición e á análise da cartografía a parcela 150 inscrita no inventario podería formar parte da documental descrita como *huerta con árboles frutales* e da descrita como *casa*.

No levantamento topográfico que achegan á solicitude tamén inclúen a parcela inscrita no inventario municipal formando parte das parcelas que figuran grafadas coa denominación *Casa e Huerta*.

Terceiro. Cartografía e análise do terreo.

2.1.- Na cartografía base do Inventario Municipal de Bens figura grafado o camiño segundo se describiu no antecedente terceiro, sen embargo na cartografía catastral actual xa se pon de manifesto a subsanación, descrita no antecedente segundo, que motivou a supresión do camiño.

Esta subsanación implica que a superficie correspondente ó camiño foi considerada de carácter privado e polo tanto forma parte das parcelas lindantes con referencias 0029902NH3902N e 0029801NH3902N.

CARTOGRAFÍA ANTIGA



Localizada, nesta cartografía antiga, a ubicación do camiño obxecto de estudo, aprecíase que as parcelas que limitan con el presentan variacións no seu grafado, con respecto á cartografía do inventario municipal e á cartografía actual; o camiño tampouco figura grafado xa que as parcelas limitan entre elas, sen que exista un camiño que as separe.

Con respecto á parcela que figura inscrita no inventario municipal, a superficie desta semella formar parte das parcelas cos números 11 e 14 da cartografía antiga, as cales figuran no listado de propietarios de titularidade privada.

2.2.- Das características e aspecto que presenta o camiño aprécianse marcas de rodadura alomenos no primeiro tramo, pero non existen elementos que o caractericen como unha entidade illada, semella un acceso a unha propiedade privada ou incluso unha zona de tránsito na mesma parcela.

En todo o seu trazado o camiño non presenta ningún tipo de firme nin se constatou a existencia de ningunha instalación de servizo público, polo tanto semella un camiño cuxo destino principal é o uso privado ou acceso a fincas.

Cuarto.- O carácter público ou privado dun camiño está intimamente ligado á natureza do solo polo que discorre; se este é privado, estaremos ante unha servidume, ou unha serventía ou un simple acceso, e se é público, a titularidade corresponderá á administración.

Segundo o disposto nos artigos 339 e 344 do Código Civil, así como no art. 79 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e no art. 2.1 do RD 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o regulamento de bens das entidades locais, defínense como bens de dominio público os afectados ó uso público, ó uso común ou ó funcionamento dalgún servizo público.

Polo tanto, o feito de que nos encontremos ante un camiño grafado na cartografía e con indicios de rodadura, non implica, por sí so, que nos atopamos ante un ben cuxa titularidade xurídica corresponda á entidade local; para poder afirmar isto, será preciso que nos atopemos ante un terreo de comunicación para calquera persoa, que a súa orixe estea relacionada coa administración, ben porque esta levara a cabo a creación do camiño ou ben porque se producira un cambio na súa titularidade a

través de calquera negocio xurídico, e que esté destinado a un uso público, entendendo este como un aproveitamento xeral, no senso de que sexa habitualmente utilizado por calquera cidadán, sen que conste a identidade individualizada de quen o utiliza.

Quinto.- Dos datos que constan no expediente, da realidade física do camiño obxecto de estudo e da análise exposta nos parágrafos que preceden, pódese afirmar que non se considera suficientemente xustificada a inscrición do camiño obxecto de estudo no Inventario Municipal de Bens do Concello de Carballo, xa que se constata unha ausencia de elementos que avalen a súa natureza pública para a dita inscrición.

Sexto.- Aclaracións finais.

O motivo do estudo realizado neste expediente e o obxecto final desta resolución, é axustar, na medida do posible, a información contida no inventario municipal á realidade existente, non entrando a valorar se a superficie que constitúe o camiño obxecto de alegación é propiedade do alegante ou de terceiros, xa que non é facultade da administración (neste caso o Concello de Carballo) efectuar pronunciamentos sobre a titularidade do terreo ocupado por este camiño, posto que a declaración da propiedade, solo podería realizarse polos órganos xudiciais da Xurisdición Civil.

O contido desta resolución baseada nos datos dos que dispón esta administración actualmente, contidos no expediente, non implica a ausencia ou a renuncia de dereitos por parte desta administración, para o caso da súa posterior identificación.

Por todo o exposto anteriormente, tendo en conta a documentación que consta no expediente, e co fin de levar unha actualización continuada, sen prexuízo da súa rectificación anual segundo o disposto no artigo 33.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais (RD 1372/1986, de 13 de xuño de 1986), e visto o resolutivo cuarto do punto 3 da acta da sesión 04/20 ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación o 25/05/2020, propónse á alcaldía, para que en uso das competencias legalmente atribuídas, adopte a seguinte resolución,

Primeiro.- Cancelar a inscrición no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo o camiño inscrito co número de orde 4682 coa denominación VIAL 21146 (PLANO ANEXO I).

Segundo.- Cancelar a inscrición no Inventario Municipal de Bens e Dereitos do Concello de Carballo a parcela inscrita co número de orde 3100 coa denominación POLÍGONO 202 PARCELA 150 (PLANO ANEXO I)

Terceiro.- Dar conta desta resolución ó Pleno Municipal na primeira sesión que se celebre, e terase en conta na próxima rectificación do Inventario Municipal de Bens.

Cuarto.- Notificar esta resolución ós interesados no procedemento.

ANEXO I.- CAMIÑO 4682 E PARCELA 3100 CUXA INSCRICIÓN SE CANCELA NO INVENTARIO.



*** Decreto 1906/2022 de 17 de xuño**

RESOLUCIÓN

SOLICITUDE POS+ADICIONAL 2/2022, 1ª FASE, PARA INVESTIMENTOS FINANCIERAMENTE SOSTIBLES, XA INCLUIDOS NO PLAN COMPLEMENTARIO AO POS+2022, COA APLICACIÓN DA MAIOR ACHEGA PROVINCIAL ASIGNADA PARA O POS+ ADICIONAL 2/2022. APROBACIÓN.

1.- Coa finalidade de realizar unha maior achega provincial ao POS+ 2022, no expediente de modificación de créditos 2/2022, aprobado polo Pleno da Deputación o 25 de marzo de 2022, a Deputación Provincial consignou a cantidade de 42.000.000,00 €, que entrou en vigor coa súa publicación no BOP núm. 78 do 26 de abril de 2022.

O importe da achega provincial destinada ao financiamento do POS+Adicional 2/2022, para o financiamento dos gastos correntes dos concellos do exercicio 2022 e/ou de investimentos financeiramente sostibles e/ou da revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais, foi distribuído entre os 93 concellos da provincia mediante a aplicación das variables ponderadas que tradicionalmente se utilizan para realizar as asignacións de fondos do POS (Base 4.1).

2.- En data 30/05/2022 (R.E. nº 202200000003046) foi recibida a circular sobre a aprobación das bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de Competencia Municipal (Plan Único de Concellos) "POS+ 2022" para regular o POS+Adicional 2/2022, con indicación da asignación que lle corresponde ao Concello de Carballo:

Concello	POS+ Adicional 2/2022 para gastos correntes e/ou investimentos financeiramente sostibles e/ou revisión excepcional de prezos
Carballo	1.177.375,14 €

3.- O texto completo das Bases modificadas do POS+2022, despois de engadir a Base 13 e os Anexos do XXII ao XXV, foi publicado no BOP núm. 102 de 31 de maio de 2022.

4.- O concello poderá aplicar a achega provincial asignada dentro deste Plan para o financiamento dos tres seguintes obxectos previstos nas Bases reguladoras modificadas do POS+2022:

- Gastos correntes do concello devengados en 2022 (Base 2.1)
- Investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados no POS+ 2022 ou outros (Base 2.2)
- Revisión excepcional de prezos dos contratos públicos de obras municipais (Base 14)

5.- Tendo en conta que o Pleno deste Concello, en sesión ordinaria celebrada o 31 de xaneiro de 2022, xa aprobou os seus investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, non será necesario que neste momento se aprobe novamente mediante acordo plenario a conformidade do concello coa aplicación da nova achega provincial asignada ao financiamento de todos ou algún dos investimentos que ese concello tiña incluídos no Plan Complementario, sendo suficiente para estes efectos a Resolución da Alcaldía ou acordo da Xunta de Goberno Local, segundo corresponda.

6.- O prazo para presentar na Deputación Provincial o acordo de aprobación do POS+ Adicional 2/2022, 1ª fase, a través da plataforma de tramitación telemática SUBTEL, iniciase o 15/06/2021 e remata o 30/06/2022.

Polo anteriormente exposto, RESOLVO:

- 1.- Participar na **1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2022" da Deputación Provincial da Coruña**, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022, tal e como se indica a continuación:

Investimentos financeiramente sostibles incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2022	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
Mellora da capa de rodadura no vial desde As Torres (parroquia de Oza) ata Cances Grande (parroquia de Cances) Redactado en decembro de 2021, polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 04/01/2022	340.954,41 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	340.954,41 €
Mellora da capa de rodadura no vial desde Bolón (parroquia de Sofán) ata Vilar de Francos (parroquia de Artes) Redactado en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro técnico industrial municipal	225.140,47 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €	225.140,47 €

D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 04/01/2022					
Rede de abastecemento de auga potable á Baixa de Sofán Redactado en xaneiro de 2022 polo enxeñeiro técnico industrial municipal D. José Manuel Facal Fariña, asinado electrónicamente o 11/01/2022	611.280,26 €	88.890,86 €	0,00 €	88.890,86 €	700.171,12 €
TOTAL	1.177.375,14 €	88.890,86 €	0,00 €	88.890,86 €	1.266.266,00 €

2.- Declarar que o concello ten crédito ou, de ser o caso, que se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2022, se o concello voluntariamente realiza algunha achega ao seu financiamento.

3.- Dar conta expresamente deste acordo ao pleno na vindeira sesión que celebre.

6.1.2.- O Pleno Municipal queda enterado das resolucións da alcaldía ditadas entre o día 26/05/2022, n.º 1598 e o día 21/06/2022, n.º 1933.

6.2.- Acordos da Xunta de Goberno Local

O Pleno Municipal queda enterado dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local, segundo o seguinte detalle:

Sesión	Tipo	Data
11/2022	Ordinaria	23/05/2022
12/2022	Ordinaria	06/06/2022
13/2022	Ordinaria	20/06/2022

6.3.- Rogos e Preguntas

6.3.1.- Dáse conta das preguntas presentada con rexistro de entrada n.º 202299900002633 de 27 de xuño, polo grupo municipal de TEGA.

P1.- 10K.- No pleno do mes pasado preguntamos **cal era o orzamento da proba da 10 k?** A resposta do Sr Trigo Facal, Concelleiro de Cultura e Deporte foi que non o podía dar pois dependía do nº de inscritos, **pode agora darnos cifras de gastos e ingresos da proba?**

A participación nas carreiras dos pequenos aumentou con respecto ao 2018 e 2019 en cambio a dos maiores menguou considerablemente, pois no ano 2018 remataron 580 participantes, no 2019 finalizaron 540 dos inscritos e neste ano 2022 entraron en meta 393 “runners”, **Que balance fai da proba?**

O gañador da proba absoluta foi finalmente descalificado?

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Cultura e Deportes, responde que parece que cando algo sae ben hai que preguntar para poñelo en cuestión. Informa que os gastos foron de 18.000 €, e fai un desagregamento (ambulancia medicalizada, fisioterapeutas, trofeos, publicidade...).

O balance que fai da proba é que foi un éxito e que superou todas as expectativas. Considera que na categoría senior había un nivel deportivo importante, e que non se trata dunha mera proba, senón dunha festa deportiva.

En relación á cuestión federativa, di que a resposta tardou unha semana, e que o día 12 informaron que este atleta quedaba descalificado.

P2.- Descenso de ingresos nas instalacións deportivas municipais.

Antes da pandemia, tomando de referencia o mes de febreiro de 2020 a liquidación do IDM foi de 54.657,57 € (taxas de abonados 41.266,87 € -2.323 abonados pagadores- e taxas de actividades 13.390,70 €) e na última liquidación a do mes de maio pasado foi de 36.172,79 € (taxas de abonados 28.427,84 € -1.616 abonados pagadores- e taxas de actividades 7.744,95 €) un descenso de máis dun 33% en relación as dúas taxas (707 abonados menos)

Ten algunha explicación o Sr Trigo Facal, Concelleiro de Cultura e Deporte, a este descenso?

A semana pasada un grupo de pais de alumnos da Escola Municipal de Natación protestou pola redución de dúas a unha sesión e que remataran a escola con 12 anos e non con 10 anos coma actualmente, **cre o Sr Trigo Facal, Concelleiro de Cultura e Deporte, que a redución de dúas a unha sesión semanal non vai supoñer unha baixada no nivel de progreso dos alumnos?** Cunha redución nos ingresos das taxas de actividades en torno ao 42% **estanse impartindo menos cursiños e a menos usuarios que antes da pandemia?**

Os sábados pola mañán e pola tarde e domingos pola mañán impártense cursiños de natación na piscina Vila de Noia?

O Sr. Trigo Facal, concelleiro delegado de Cultura e Deportes, responde que esta pregunta é ilóxica, dado que é obvia a situación provocada pola pandemia, e considera que aínda así Carballo foi exemplo para outros concellos en materia de protocolos COVID.

Sobre ingresos e aboados, no último ano a tendencia volve ser á alza.

Respecto das queixas por cursos, di que non lle constan por ningún medio estas queixas, que a xente está pagando a metade de antes, e que incluso moita xente agradece a redución porque lle permite unha maior compatibilidade con outras actividades. Tamén, indica que a asistencia aumentou considerablemente coa redución a un só día.

Sobre o tema da idade, indica que o límite dos 12 anos está establecido así porque se considera que nesa idade se alcanzaron competencias acuáticas, e que con iso se pode atender a outros nenos e nenas de menor idade, e que os nenos maiores poden acudir a outros clubs e servizos.

Respecto da avaliación da obtención das competencias, sinala que de 180 nenos/as de 9-10 anos, 160 están por enriba dos obxectivos, e quen non os alcanza ten a oportunidade de seguir.

No que ten a ver coas taxas, fala de recuperación, e que os ingresos están por enriba dos anos 2020 e 2021, tendo en conta que hai menos aboados e que o curso é á metade de prezo.

E, en relación á organización de cursos en sábados e domingos, sinala que se fixo unha enquisa e non se detectou interese na poboación.

P3.- Carballo, cidade galega de máis de 25.000 habitantes coa vivenda máis barata

Antes da pandemia Carballo era o 3º Concello galego de máis de 25.000 habitantes coa vivenda libre máis barata e na actualidade ocupa o 1º posto no ranking con 751,6 €/m2 por diante de Ferrol, Marín, Narón, Redondela, Ribeira, Vilagarcía...**cre o Sr. Alcalde que ese é un bo dato para Carballo, e que Carballo segue sendo un bo lugar para vivir?**

O Sr. Regueira Varela, concelleiro delegado de Promoción Económica, responde que Carballo é un caso atípico, pois conta con case 8000 vivendas baleiras. Cre que é máis problemática a situación dalgún pobo da Costa da Morte porque o impacto das vivendas turísticas no prezo dos inmobles complica o acceso aos residentes.

Respecto da pregunta de se pensa que Carballo é un bo lugar para vivir, considera que sen dúbida é un dos cinco mellores de Galicia.

P4.- Obras 11/2021 e 18/2021

O contrato da obra 11/2021 Reurbanización Baños Vello e Ourense foi formalizado o 24 de setembro de 2021 e tiña un prazo de execución de 6 meses unha vez firmada a acta de replanteo, **canto lle queda para finalizala obra?** Aínda non está rematada a obra e xa temos queixas dos veciños, entre outras que o pavimento de formigón estase descompoñendo, que cando chove xeranse charcos, non se actuou na iluminación, a ubicación dos contenedores non é a adecuada, **chegáronlle o grupo de goberno algunhas destas queixas? Van tomar algunha medida?**

En canto á obra 18/2021 Reparación de varias rúas no casco urbano de Carballo 2021, hai rúas que a empresa non chegou a actuar e presentan un estado lamentable (rúa Andrés Gaos...) **que medidas adoptou o Concello para resolver o contrato coa empresa e así rematar canto antes estas necesarias actuacións?**

A Sra. Lantes Seara, concelleira delegada de Planificación Urbana, responde que non ten o dato exacto dado que o técnico competente está de vacacións, pero cónstalle que este tivo reunións con algúns dos veciños e comenta que a dirección de obra non está de acordo coa súa execución.

Con respecto á segunda cuestión, explica que a empresa está en concurso de acredores e nestes casos hai que contar co administrador concursal. Engade que a semana pasada houbo un acordo para ceder a parte pendente á outra empresa. A técnica da área revisáralo e será esa empresa quen remate esa obra.

P5.- Sentencias desfavorables&dfavorables

Na maioría das Xuntas de Goberno Local celebradas neste 2022 levan o punto de Xulgados e Tribunais e rara vez o Concello sal ben parado das resolucións xudiciais, **por que non anuncia en aras á transparencia o grupo de goberno do mesmo xeito as sentencias desfavorables que as favorables?**

O Sr. Alcalde manifesta que o criterio é non publicar ningunha sentenza, nin favorable nin desfavorable, e que, de feito, se lle recriminou ao xornalista a publicación desa noticia, e o noso propio avogado tampouco estaba a favor, pero que a prensa publica o que considera oportuno.

6.3.2.- Dáse conta dos rogos e preguntas presentadas con rexistro de entrada n.º 20229000004020 de 27 de xuño, polo grupo municipal de PSdeG-PSOE.

R1.- Rogamos ao goberno municipal que teña a ben ampliar ata a fonte as beirarrúas da marxe dereita (en dirección Razo) do lugar de Oza.

O Sr. Regueira Varela, voceiro do BNG, responde que xa se ten solicitada esa ampliación, e replica que non é competencia municipal, senón da Deputación da Coruña.

P1.- Numerosos veciños queixanse de que a policía local ven facendo patrullas a pé por unha rúa en concreto, as máis céntricas do casco urbano carballés, deixando de lado ao resto das vías urbanas.

Isto fai que a maioría das rúas carballesas queden sen control algún –agás que se solicite a presenza por algún tipo de problema ou conflito– por parte deste servizo, que en tal caso si acuden con presteza.

Tamén nos din que que é habitual, por mor de esta falta de vixilancia, ver como os vehículos estacionan mal e de forma reiterada, en pasos de peóns, paradas para carga e descarga de vehículos, vaos permanentes, dobres filas, veira rúas, etc.

Por todo isto, as nosas preguntas son:

- Cal é o motivo porque, a día de hoxe, non se fagan patrullas, a pé, da policía local por todas as rúas do casco urbano carballés?
- **Existe algún impedimento para que a policía local patrulle as vías anexas ao casco urbano ou os núcleos de poboación próximos?**

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, informa que se se patrulla máis a pé pola zona centro é por ser máis concorrida, pero que se patrulla en coche por todos os barrios. Subliña que se está a intensificar o control do tráfico en xeral (vaos, dobres filas...).

Engade que as competencias entre a Policía Local e a Garda Civil están perfectamente delimitadas. Explica que a Policía Local tamén se dedica a controis en materia de medio ambiente, e subliña que as competencias fóra do núcleo urbano son da Garda Civil.

P2.- O 27 de abril publicase no número 79 do Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña a convocatoria, de provisión temporal, de dous postos de Policía Local mediante comisión de servizos.

No parágrafo segundo di que o prazo de presentación de solicitudes é de cinco días hábiles a contar desde a publicación.

Aínda que a resolución de Alcaldía é do 22, non sae publicado até o 27 –como se referencia no encabezamento–, polo que o último día para a presentación das solicitudes foi o mércores 14 de maio.

Desde esta data non se publica resolución algúnha, tanto no taboleiro municipal, como no BOP, nin se sabe si se comunica aos interesados que presentaron as correspondentes solicitudes.

Pasado máis dun mes, e a vista do anteriormente exposto:

As nosas preguntas son:

- Cantas solicitudes se presentaron? Cantas destas solicitudes foron admitidas?
- Que pasou coa convocatoria?
- Unha das solicitudes presentadas, un policía con praza nun concello próximo e que neste momento está ocupando outra praza de comisión de servizos dun proceso anterior e completamente distinto ao presente, foi notificada recentemente que non se admite para este proceso:
 - En que se basea, legalmente, dita resolución sendo, como dicimos anteriormente, dous procesos selectivos completamente distintos?
 - Porque se tardou tanto tempo en facer esta resolución?

O Sr. Seoane Collazo, concelleiro delegado de Mobilidade, Seguridade, Feiras e Mercados, responde que hai dúas solicitudes, unha da persoa que está prestando comisión de servizos en Carballo e outra noutro concello galego. O servizo de Persoal entende que non se pode admitir a solicitude pois a mesma persoa non pode ocupar dúas prazas.

Respecto da tardanza, sinala que está pendente de presentar documentación, e á espera da autorización do concello de orixe.

O grupo municipal do PSdeG-PSOE, formula “in voce” a seguinte pregunta ante o pleno municipal:

Na web e na App da Asociación Galega de Familias Numerosas, AGAFAN, aparece un convenio entre a asociación e o Concello de Carballo no que se reflicte, entre outros beneficios, o dun 50% de redución de pagos no Conservatorio CMUS.

Con todo, consultados os servizos administrativos de Cultura, estes indican que non existe, nin existiu tal convenio, e que as familias numerosas non gozan de ningún desconto nas matrículas.

Por todo isto, as nosas preguntas son:

* ¿É incorrecta a información que aparece tanto na web como na app de AGAFAN e as familias numerosas teñen que pagar a tarifa ordinaria completa?

* ¿ De non existir na actualidade, ten previsto o Concello acordar algún tipo de convenio coma se teñen outros conservatorios dependentes da Xunta de Galicia?

A Sra. Eirís Villar, concelleira delegada de Educación e Terceira idade, responde que o desconto do 50% na matrícula do Conservatorio se aplica tendo en conta os ingresos ou renda da unidade familiar.

O Pleno municipal autoriza a comparecencia de don Martín Caamaño Santamaría, en representación da CIG, solicitada con rexistro de entrada n.º 202299900002597 de 22 de xuño, relativa ás condicións dos Servizos de Axuda ao Fogar (SAF), que ao ser proporcionada por escrito transcríbese integramente:

O Servizo de Atención no Fogar, SAF, cumpre un papel esencial dentro da nosa sociedade. Este servizo público, privatizado a través de empresas concesionarias, permite proporcionar no propio domicilio unha serie de atencións a aquelas persoas ou familias que o precisen por non serlles posíbel realizar as súas actividades habituais, de modo que se garanta un adecuado nivel de vida.

As traballadoras do SAF desenrolan un amplo abano de tarefas entre elas: apoiar a socialización, acompañar a visitas terapéuticas, apoiar a hixiene persoal, lavar e pasarlle o ferro á roupa, limpar o fogar ou facer a comida.

Malia ser este servizo esencial para a comunidade, é un dos traballos mais precarios e feminizados que existen. As profesionais destes servizos levan denunciando desde hai anos abusos das empresas concesionarias, e é a obriga da propia Administración esixirlles ás empresas que cumpran cos dereitos das traballadoras.

Neste contexto, as traballadoras do SAF levan máis de 10 anos reclamando un Convenio digno que ate agora non foi negociado. O Convenio Colectivo vixente contén unha cláusula de revisión salarial do IPC real. Todos os anos, as traballadoras foron incrementando os seus salarios con esta referencia para non perder poder adquisitivo. Porén, neste ano 2022, as empresas néganse a pagar o 6,5% do IPC real do ano 2021.

As empresas non só incumpren o convenio colectivo de ámbito galego, senón tamén os pregos de condicións, onde se explícita a obriga das empresas de cumprir en materia laboral. Neste sentido, é imprescindible que o Goberno Local supervise os contratos que rexen no SAF e que demande das empresas concesionarias o cumprimento da legalidade laboral vixente, garantindo os dereitos laborais das traballadoras.

Do mesmo xeito, e necesario que a Xunta de Galiza, como responsable dos servizos de Atención no fogar, se implique para garantir que se cumpran as condicións laborais das traballadoras.

Por todo o exposto, dende a CIG solicitamos que por parte do Pleno do Concello de Carballo se leven a debate estas cuestións, propondo a adopción dos seguintes acordos:

1. Recoñecer o gran traballo e a súa función esencial que desempeñan as traballadoras de Atención no fogar.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

a. Mellorar as condicións dos contratos do SAF, incrementando o prezo do servizo, co fin de mellorar as condicións laborais das traballadoras e as condicións en que se ofrece este servizo ás familias.

CONCELLO DE CARBALLO
C.I.F.: P1501900C
Praza do Concello S/N
Teléfono 981 70 41 00
www.carballo.gal
infocarballo@carballo.gal
15100 CARBALLO - A Coruña



Exp. 2022/G010/000006

b. Traballar, xunto coas empresas concesionarias e as organizacións sindicais, para que se garanta o cumprimento do Convenio Colectivo de Atención a Domicilio de Galiza, e así mellorar substancialmente as condicións laborais das traballadoras de Atención no fogar, e así dignificar unha profesión tan importante.

3. Esixirle á empresa concesionaria do Servizo de Atención ó Fogar neste Concello, a cumprir co Convenio Colectivo vixente en materia de revisión salarial, sendo esta unha cuestión imprescindible para cumprir cos pregos de condicións para a contratación do servizo.

A Sra. Ures García, concelleira delegada de Igualdade, Benestar e Sanidade , reconece o traballo importante para a sociedade deste colectivo, e informa que neste momento está en licitación o servizo e que, por suposto, se esixirá o cumprimento do artigo 7 do Convenio Colectivo.

E non habendo máis asuntos que tratar sendo as 22.35 horas a Presidencia levanta a sesión, da que se estende a presente acta do que eu como Secretaria dou fe.